



Rendendo  
**CONTAS**  
**4 ANOS**  
de traballo  
sindical

#ProfesoradoConDereitos

# Catro anos de traballo sindical liderando as reivindicacións do profesorado galego

A perseveranza na destrución dos servizos públicos e das conquistas sociais e laborais do profesorado por parte dos gobernos da Xunta e do Estado leváronnos á **mobilización permanente**. Participamos en diferentes plataformas para conxuntar a máxima forza posíbel e así combater os continuos ataques aos que fomos sometidos e sometidas. Compaxinamos peches, concentracións, manifestacións, ocupacións de sedes das institucións con actividades lúdico-reivindicativas, manifestos, recollida de sinaturas, resolucións de claustros, de consellos escolares etc.

Desde a **CIG-ENSINO**, tanto como sindicato como no seo da **Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público**, mobilizámonos continuamente en contra da **LOMCE** e apoiamos as distintas folgas estudiantís convocadas durante estes catro anos na súa contra, participando activamente nas mobilizacións e chamando mesmo á folga ao profesorado universitario contra o 3+2.

Tamén participamos activamente dentro da plataforma **Queremos Galego** en todas as loitas que a plataforma promoveu para tentar frear os continuos ataques ao noso idioma desde o goberno do Partido Popular. A nosa presenza tamén foi permanente na Mesa Galega de **Educación no Rural**, xerme da futura plataforma en defensa do rural galego: Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural.

As campañas de **recollidas de sinaturas**, para nós un modelo con total vixencia, e que sempre acompañamos con asembleas en todos os centros do país, tiveron o seu punto álxido na **ILP para restituír os dereitos** laborais, profesionais e retributivos do profesorado e mellorar a calidade do ensino en Galiza presentada no Parlamento Galego e que o Partido Popular botou abaixo.

Mais tanto pola súa proximidade nas datas como polo éxito acadado, cómpre salientar a última recollida de sinaturas, entre febreiro e abril deste mesmo



Mestras e mestres			
Especialidade	Vacantes Provisionais CXT	Adx. Provisional	Diferencia
597031- Educación Infantil	80	76	-4
597032- Idioma Extranxeiro Inglés	33	36	3
597033- Idioma Extranxeiro Francés	138	136	-2
597034- Educación Física	63	66	3
597035- Educación Musical	70	70	0
597036- Pedagogía Terapéutica	18	51	33
597037- Audición e linguaxe	19	29	10
597038- Educación Primaria	283	284	1
	704	748	44

ano 2018, na que **11.915 docentes**, máis dun terzo do profesorado, **apoiou o decálogo de reivindicacións urxentes para os dereitos do profesorado** que ían desde a recuperación salarial á recuperación de dereitos, tanto lingüísticos como laborais.

Nestes catro anos na **CIG-ENSINO** asumimos, case en exclusiva, o **traballo informativo e de axitación sindical nos centros**, consecuentemente co noso modelo sindical. Promovemos **múltiples campañas**, entre outras contra a supresión de unidades nos centros públicos e do incremento das ratios, da redución dos orzamentos dedicados ao ensino público, dos recortes dos dereitos sindicais, da ampliación do horario lectivo do profesorado, dos concertos en centros que segregan alumnado por razón de xénero e do incremento da privatización e dos concertos educativos, así como contra o Decreto de FP dual, o modelo dos CIPF e a oferta insuficiente de prazas de FP, tanto na oferta ordinaria como na modular, incidindo na necesidade de elaborar unha nova rede de FP cunha planificación a longo prazo.

Incidimos na **denuncia contra as baixas sen cubrir** pola paralización de chamamentos nas listaxes de substitucións e o despedimento de profesorado interino e mantivemos a necesidade de acadar un **acordo de estabilidade** para este colectivo, vinculando a necesidade de ofertas amplas de emprego público á previa negociación dese acordo. Un logro conseguido nestes últimos anos, despois de telo demandado insistentemente, foi o recoñecemento do dereito do persoal interino a poder acceder ás permutas provisionais e ás comisións de servizo por conciliación.

Reclamamos contra a redución dos cadros de persoal, contra a aplicación da taxa de reposición nas oposicións e contra a perda de poder adquisitivo do noso salario. Fomos **punto central na defensa do ensino público e da mellora das**

**nosas condicións de traballo**, incluída a xubilación anticipada e gratificada, sen esquecer demandas moi sentidas como a restitución da xornada reducida de xuño e setembro en primaria.

Desde a **CIG-ENSINO** apoiamos e defendemos o profesorado no seu traballo diario, mobilizándonos e poñendo ao seu dispor a propia organización e a nosa **asesoría xurídica** cando se tomaron medidas inxustas e/ou ilegais, como os frecuentes **abusos de poder por parte da Inspección** ou as Xefaturas Territoriais, impondo sancións ou instrucións ilegais á dirección e o profesorado dalgúns centros que finalmente fomos quen de tirar abaixo ou para defender o **cumprimento dos cadros de persoal**, as vacantes ofertadas nos concursos de traslados e a **redución das materias afíns**.

Neste **combate contra o autoritarismo**, as irregularidades e a represión da Consellaría de Educación foron exemplos claros da nosa acción sindical a denuncia contra a adxudicación irregular dunha praza na Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra ou na EPAPU de Bonxe, contra as actuacións arbitrarias das inspeccións educativas, a imposición do criterio das xefaturas da Coruña e Pontevedra, algúns casos de nomeamentos irregulares de certas direccións nas que non se tiveron en conta a preceptiva opinión de claustros e consellos escolares e na nosa insistencia por romper o hermetismo da Consellaría nalgúns nomeamentos fraudulentos en comisión de servizos para cargos directivos.

Denuncias que tamén estendemos a **recortes, restricións e atrasos** que dificultan o traballo nos centros docentes (a tardanza de ingresos para gastos de comedores e do persoal colaborador neles ou ao equipos de normalización lingüística) ou o desenvolvemento do noso traballo (discriminación no cobro da coordinación de actividades extraescolares nos CPI, a xefatura de coordinación das TIC, a



dificultade para o deseño de itinerarios coa materia de Tecnoloxía ou a imposición na práctica da Relixión en determinadas seleccións de materias no Bacharelato).

Dámoslle unha especial importancia ao traballo levado a cabo pola **CIG-ENSINO** na loita por un mellor tratamento das **necesidades específicas de apoio educativo**, logrando un aumento significativo na oferta de vacantes para o concurso de traslados, tanto de PT e AL como de Orientación, logo de detectar e facer público un elevado número de prazas destas especialidades que desde hai anos se veñen cubrindo provisionalmente, impedindo que se consoliden grupos máis estábeis de profesorado que atende a alumnado con NEAE e que se incrementen os actuais catálogos cando estas necesidades así o requiran.

Para a **CIG-ENSINO**, o ensino en galego é un alicerce básico sobre o que se debe estruturar o sistema educativo galego. Por iso, un dos nosos obxectivos fundamentais é, desde sempre, **combater a galegofobia e loitar pola galeguización e normalización plena do ensino**. Durante catro anos, continuamos a participar activamente, no seo da Plataforma Queremos Galego, contra o Decreto de plurilingüismo e a opresión permanente do PP ao noso idioma. Durante estes catro anos fixemos fronte aos distintos ataques do PP á nosa lingua, como a redución das axudas aos Equipos de Normalización Lingüística, a persistencia na eliminación do requisito de presentar o proxecto en galego en diversas convocatorias de formación

ou licenzas, a denuncia da situación ilegal do profesorado que impartía os CELGA e outros cursos para a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Este persoal viña prestando os seus servizos sen ningunha relación laboral coa Consellería, sen alta nin cotizacións á Seguridade Social. Mediante denuncias na Inspección de Traballo, mobilizacións e demandas xudiciais, a **CIG-ENSINO** logrou o recoñecemento da relación laboral e a condición de “persoal indefinido non fixo” para todo o persoal que demandou, a pesar da oposición frontal da Consellería, que ademais de recorrer as sentenzas (aínda que volvese sistematicamente perder) deixou de contratar este persoal no ano 2014 como represalia pola loita polos seus dereitos laborais.

Na **CIG-ENSINO** denunciámos permanentemente nestes catro anos a **falta de material didáctico en galego**, a desaparición do **ensino en galego na Educación infantil** nas cidades e **na FP** e a persecución permanente contra o noso idioma que está facer a Consellaría, así como a reivindicación de que o 24 de febreiro fose recollido no calendario escolar como **Día de Rosalía de Castro**, e que ano tras ano recibe a negativa da Consellaría.

A **CIG-ENSINO** entende a **formación do profesorado** como un elemento fundamental para a mellora da calidade do ensino e nunca como unha vía de financiamento da organización. Como sindicato, esforzámonos en ofrecerlle ao profesorado unha

ampla programación que incidise na progresiva galeguización do ensino e na coeducación así como na actualización de contidos en xeral e na aprendizaxe de novas metodoloxías didácticas.

**Miles de docentes participaron nas accións formativas organizadas polo sindicato** durante este período. Así, durante estes catro anos, levamos a cabo máis de 50 cursos a distancia e arredor de 40 presenciais en diferentes puntos do noso País.

A nosa perseveranza para conseguir o dereito a termos unha **revisión médica anual** fixo posíbel que, despois dun longo proceso xudicial que tivo que chegar ao Tribunal Supremo pola posición contraria da Consellaría a recoñecerlle ao profesorado ese dereito, esa revisión fose unha realidade mais a loita agora é melloralá e que se faga no sistema público de saúde, no SERGAS.

**A loita contra a privatización do ensino** é unha constante da **CIG-ENSINO**, especialmente cando estamos diante dunha Consellaría de Educación como a actual que está ao servizo dunha patronal e dunha ideoloxía ultraconservadora, contraria ao que debe ser un ensino que eduque para a igualdade entre homes e mulleres e que impida a discriminación da muller e que contribúa á erradicación da LGBTifobia.

Nestes catro últimos exercicios orzamentarios aprobados polo Goberno do PP, a Xunta destinou máis de 1.000 millóns a subvencionar o ensino privado, incluíndo os 12 millóns que recibiron os 5 colexios do Opus que segregan alumnado por razóns de xénero, que o Tribunal Supremo sentenciou ilegais despois do recurso presentado pola **CIG-ENSINO**, pero que a LOMCE volveu legalizar e contra os que seguiremos a loitar. Batallaremos até que consigamos que as subvencións a este tipo de centros desaparezan do sistema educativo galego e que as cantidades que foron desviadas ao ensino privado concertado, máis de 4.000 millóns se contamos desde o 2001, sexan recuperadas para o erario público. A maioría destas subvencións van destinadas aos concertos educativos establecidos maioritariamente con institucións relixiosas que, con frecuencia, dotan os centros educativos de idearios ou de proxectos educativos antigalegos, retrógrados e confesionais.

A incapacidade da Consellaría de articular un mínimo de respecto na negociación das condicións laborais do profesorado tamén provocou durante estes últimos catros anos que moitos temas que poderían ser obxecto de negociación na Mesa Sectorial acabaran nos xulgados. Así o fixemos nas **demandas presentadas contra o recorte da paga**

**extra do 2013**, cuxas primeiras sentenzas gañou a **CIG-ENSINO** e das que agora se cumpren catro anos. Como acontecera coas demandas contra os recortes das pagas extras do 2012, foi a presión sindical na vía xudicial que a **CIG-ENSINO** emprendeu a que provocou que, despois de numerosas sentenzas e á vista da extensión destas, a Xunta acabase estendendo a todo o profesorado o seu pagamento.

Tamén promovemos reclamacións contra a decisión da Xunta de non computar como servizos prestados, con efectos económicos e administrativos, o **tempo de vacacións cotizadas**, mais non gozadas, encontrándonos de novo coa negativa da administración de facer efectiva, de oficio, unha sentenza do TSXG que así o determina.

Logo dos importantes **logros a nivel xudicial promovidos pola CIG-ENSINO** (pago das vacacións, trienios retroactivos, sexenios...), novas sentenzas do TXUE ao respecto da indemnización do persoal interino após finalizar contrato abriu unha nova fronte sindical que a **CIG-ENSINO** tamén promoveu mais neste caso cun resultado aínda aberto e incerto, xa que os xulgados galegos ditaron sentenzas contraditorias, unhas a favor de recoñecer o pago de 20 días por ano despois dun cese e outras en contra. Un incerteza que se ven de agrandar nestas últimas datas cunha nova sentenza do TXUE contraditoria coas primeiras ditadas polo propio tribunal.

Especial relevancia tivo a sentenza coa que desde a **CIG-ENSINO** fomos quen de tirar abaixo a arbitrariedade da Consellaría á hora de xogar coas **vacantes no concurso de traslados**. Un fallo do TSXG en resposta a **unha demanda da CIG-ENSINO anulou a retirada dunha vacante** previamente adxudicada e levou xa á Administración no concurso 2017/18 a ser máis respectuosa coas vacantes.

Tamén tivemos que recorrer á **vía xudicial para protexer os dereitos individuais do profesorado** en cuestións relacionadas coa **saúde laboral** (descontos salariais por intervención cirúrxicas menores sen hospitalización, recoñecemento de secuelas de enfermidades profesionais por accidentes nos desprazamentos ao centro de traballo, ou adaptación do horario docentes por razóns de saúde).

Os abusos de autoridade da Consellaría aumentaron nestes catro anos, cun incremento de **expedientes disciplinarios que nalgúns casos foron anulados tras a intervención da CIG-ENSINO** pola indefensión provocada nas súas tramitacións ou pola desproporción nas sancións impostas. Uns abusos

que, xunto coa prepotencia dalgúns cargos políticos da Consellaría ou da Inspección, provocaron que tivésemos que responder na vía da negociación ou na da xudicialización, como foi no caso das **funcións do comedor impostas á dirección e anuladas polo TSXG** ou no expediente disciplinario a un director dun centro por executar a decisión democraticamente tomada polo claustro docente.

Hai tamén, como é lóxico, batallas dadas e perdas no campo xudicial, e en ocasións con sentenzas que é imposible compartir, xa que, coincidindo coas decisións da Consellaría, restrinxen dereitos do profesorado galego. Así acontece, por exemplo, coa retirada do complemento da ESO a especialistas de PT e AL ou a decisión de non pagar o complemento correspondente ao profesorado que substitúe nas súas funcións a un cargo directivo ou de coordinación.

Destacan, por outro lado, as numerosas sentenzas favorábeis ao persoal que traballaba na impartición de cursos CELGA, sen ningún tipo de contrato ou relación laboral, para a Secretaría Xeral de Política Lingüística e que conseguiron o recoñecemento da relación laboral e a condición de “persoal indefinido non fixo” para todo o persoal que así o demandou.

Na **CIG-ENSINO** asumimos como prioridade seguir a combater a **LOMCE** e o seu desenvolvemento desde todos os ámbitos e artellar diferentes iniciativas para facermos visíbeis as súas consecuencias e para provocar o rexeitamento máis amplo posible, máis aínda se cabe tendo en conta que o cambio de goberno no Estado supón un novo escenario na loita pola súa derogación. Diante da situación de deterioro do ensino público, da perda de dereitos laborais, da galopante privatización e da españolización do ensino, desde a **CIG-ENSINO** comprometémonos a seguir centrando a nosa actividade na necesidade de que o profesorado galego recupere os dereitos laborais e profesionais que durante estes últimos anos, co pretexto da crise, nos foron arrebatados e que non só supuxeron reducións salariais, senón tamén incremento do horario lectivo e asunción de funcións alleas ao noso cometido como docentes.

Neste sentido o acontecido no marco da negociación aberta pola Consellaría a finais do curso 2017/18 é exemplo do nulo interese do PP por restituír os nosos dereitos así como da táctica empregada pola propia administración para aliarse con outras organizacións sindicais dóciles e limitar unha negociación que se precisaba global (aumentos retributivos, recuperación do roubado e mellora das condicións do noso traballo docente), convertendo

o acordo asinado finalmente por CCOO e UGT (unha minoría sindical que só representa a un terzo da representación do profesorado) nunha fraude e nunha hipoteca para os próximos anos: impoñendo coa conivencia dos sindicatos asinantes uns criterios de suposta homologación que impiden totalmente que o profesorado galego poda ter un incremento retributivo que parta das tremendas diferenzas retributivas con outros territorios do Estado así como do feito de que durante o goberno Feijóo os recortes foron en Galiza superiores aos do resto (recorte do complemento específico nas extras de 2013 a 2016).

O curtopracismo e o tacticismo dos sindicatos entregados ao xogo da Consellaría levounas a entrar nun xogo envelenado. As súas propostas na negociación supuxeron unha entrega á estratexia da Xunta ao non permitir que se fale da restitución das pagas extras arrebatadas e dunhas condicións de traballo dignas como as que centraban a campaña de recuperación de dereitos apoiada por case 12.000 docentes galegos.

A negociación, tanto na farsa que a envolveu como nas estratexias sindicais e no propio remate do pacto, sen pasar novamente pola Mesa, feito de costas ao profesorado, evidenciou máis unha vez os diferentes modelos que representan a **CIG-ENSINO** e as demais oo.ss. Fronte ao compromiso firme de negociar co mandato do profesorado expresado na campaña de #ProfesoradoConDereitos que a **CIG** puxo enriba da Mesa desde o primeiro minuto, retratouse na outra banda a vella práctica sindical de entrega e submisión na busca dun acordo, por insuficiente e mesmo contraproducente que resulta, que busca servir como xustificación á inacción e a un sindicalismo afastado da realidade dos centros de traballo e das demandas profesionais e retributivas do profesorado galego. A proposta da Consellaría non buscaba ningún tipo de equiparación nin de recuperación de dereitos, senón tan só lavar a cara de Feijóo como máximo responsábel dos maiores recortes ao persoal docente e ao ensino público galego e ao tempo a permanencia na zona de confort duns sindicatos que só pensan en si mesmos e non no profesorado. A **CIG-ENSINO** acudiu a negociar obedecendo a un profesorado que ten claro que as súas demandas non se poden aparcar unha e outra vez ou servir de moeda de cambio. Cun modelo sindical asentado na representación do profesorado e non na súa suplantación e coa dignidade que nos dan todas aquelas persoas que nin baixaron a cabeza durante os recortes máis lesivos destes últimos anos nin están dispostas a facelo agora a calquera prezo, a **CIG-ENSINO** marcou unha vez máis a diferenza.

05/12/2014

## A CIG-ENSINO gaña as eleccións no ensino non universitario

Incrementa a súa representación e a porcentaxe de delegados e delegadas e votos, pasando do 43.5% do ao 2010 ao 46.24% en toda Galiza

Agradecemos publicamente a confianza e apoio do profesorado por supor un aval e un recoñecemento ao traballo realizado pola CIG-ENSINO durante estes catro anos, á nosa oposición ás afrontas e abusos da Consellaría, ao noso combate permanente contra a LOMCE e contra a desconsideración co noso idioma.

10/12/2014

## A CIG-ENSINO denuncia o atraso continuado no ingreso dos gastos de comedores escolares

A CIG-ENSINO esíxelle a Educación o que faga inmediatamente o ingreso aos centros que prestan este servizo

A día de hoxe, 10 de decembro, cando está a piques de rematar o primeiro trimestre de curso, a Consellaría de Educación continúa sen facer efectivo aos centros educativos o pago do gasto dos comedores de xestión directa correspondente ao meses de setembro, outubro, novembro e decembro.

15/12/2014

## Mobilizámonos por uns servizos públicos de calidade

A protesta desenvolverase diante do Parlamento galego ás 11:30 horas, coincidindo coa votación da Lei de Orzamentos

A Área Pública da CIG (CIG-Administración, CIG-ENSINO e CIG-Saúde) chama a participar



na concentración convocada para o próximo martes, 16 de decembro, ás 11:30 horas, diante do Parlamento Galego, coincidindo co debate e votación da Lei de Orzamentos da Xunta para o próximo ano.

16/12/2014

## Participamos na Mesa do Rural e defendemos un plan específico

Non se entende que desoia o chamamento que se lle vén facendo

A Mesa Galega de Educación no Rural segue a denunciar que as políticas adoptadas en materia educativa non contemplan un plan específico para o rural.

16/12/2014

## A CIG-ENSINO esixiu retirada do borrador do decreto de especialidade e levou a cabo unha campaña de recollida de sinaturas entre o profesorado

Denunciamos as axudas para centros concertados das que carece o ensino público, cun incremento de 300.000

17/12/2014

## Denunciamos os constantes recortes nos orzamentos da Xunta no camiño do desmantelamento do ensino público

«Estes orzamentos seguen sen afrontar as carencias e necesidades do ensino público e poñen en dúbida o dereito á educación», explicou Anxo Louzao

A CIG-ENSINO valorou este mércores día 17 de decembro, en rolda de prensa, os orzamentos da Consellaría de Educación para o ano 2015, unhas contas que «continúan pola senda do desmantelamento do ensino público, non afrontan as



súas carencias e necesidades e cuestionan o dereito á educación».

05/01/2015

### **A CIG-ENSINO denuncia axudas para centros concertados das que carece o ensino público, cun incremento de 300.000**

A Consellaría segue coa intención permanente de desprestixiar o ensino público e favorecer o privado

O secretario nacional da **CIG-ENSINO**, declarou que «Mentres Educación practica un recorte sistemático, inxustificado e inaceptábel no ensino público, suprimindo centros, unidades e profesorado, curiosamente, mantén inalterada desde 2012 esta partida económica que se incrementou naquel ano un 37% respecto do anterior, algo que non sucede cos fondos e recursos destinados ao ensino público, tamén no relacionado con necesidades educativas específicas, e que é especilamente denigrante nun curso que se iniciou precisamente co recorte drástico na dotación de persoal de orientación e profesorado de Pedagogía terapéutica e Audición e linguaxe.»

19/01/2015

### **Apostamos pola rede pública como opción para MUFACE**

A **CIG-ENSINO** fai un chamamento ao profesorado para que opte pola prestación sanitaria no **SERGAS**

MUFACE vén de asinar un novo convenio con diferentes compañías aseguradoras para prestar servizos de saúde aos e ás mutualistas (BOE do 20 de decembro de 2014). Neste



novo convenio permanecen DKV, asisa e ADESLAS, mais hai varias novidades que afectan ao profesorado que optou pola atención sanitaria privada.

20/01/2015

### **Demandamos a continuación das coordinacións de ciclos en Primaria suprimidas pola LOMCE**

Presentado escrito solicitando que poida ter nomeamento de coordinador ou coordinadora de ciclo con todas as consideracións e beneficios que lle corresponden e que gozaban até agora

Para non afondar máis aínda na desconsideración e prexuízo ao profesorado, a **CIG-ENSINO**, ante esta situación, solicita que, mentres non se regulamenten os cometidos, a funcións dos diferentes órganos e as



diferentes coordinacións, calquera profesor ou profesora, independentemente do curso que estea a impartir docencia neste curso, poida ter nomeamento de coordinador ou coordinadora de ciclo con todas as consideracións e beneficios que lle corresponden e que gozaban até agora.

28/01/2015

### **A CIG-ENSINO esíxelle a Educación que pague ao persoal colaborador dos comedores**

A **CIG-ENSINO** esíxelle a Educación que lle pague a este persoal que xa cobra unha cantidades insignificantes

A Consellaría de Educación segue sen pagarlle ao persoal que traballa como colaborador nos comedores escolares de xestión directa o pago dos cinco primeiros meses de curso (setembro, outubro, novembro, decembro e xaneiro). A **CIG-ENSINO** xa denunciou no mes de decembro que a Consellaría de Educación continuaba sen facer efectivo aos centros educativos o pago do gasto dos comedores de xestión directa correspondente aos meses de setembro, outubro, novembro, decembro e xaneiro.

03/02/2015

### **Criticamos os criterios arbitrarios nos programas de atención ao fracaso escolar**

A **CIG-ENSINO** esíxelle a Educación que teña en conta as peticións dos centros e contrate o profesorado necesario para impartir estes programas

A **CIG-ENSINO** esíxelle á Consellaría de Educación que atenda as peticións solicitadas polos centros para o bo funcionamento dos programas



PROA e a prevención do fracaso escolar e que elabore un plan de prevención contra o fracaso escolar que abranga todos os centros, contratando o persoal necesario e non mediante horas extraordinarias.

04/02/2015

### **Estudios superiores de Jazz. Denunciamos que se potencie a oferta privada mentres se nega a impartición no CMUS Superior de Vigo**

A CIG-ENSINO pregúntase como a Consellaría pode xustificar que un centro privado de Vigo vaia impartir a especialidade de Jazz, cando non se imparte no Conservatorio Superior de Música da mesma localidade

A CIG-ENSINO exige que se revogue a autorización de impartir as ensinanzas artísticas superiores de Música no ensino privado, que se impartan todas as especialidades no público e que se amplíe a oferta de prazas de Música en todos os seus niveis.

10/02/2015

### **Démoslle a despedida ao conselleiro máis nefasto da historia da Consellaría de Educación**

A CIG-ENSINO manifesta que a única mudanza necesaria para o ensino é un xiro de 180º na política educativa e lingüística do PP

Desde a CIG-ENSINO emprazamos o novo Conselleiro a que lea de vagar as propostas contidas na Iniciativa legislativa popular promovida pola CIG-ENSINO en defensa do ensino público e para a restitución dos dereitos laborais e salariais do profesorado, ILP que lle foi presentada persoalmente ao Grupo do PP no Parlamento, dentro da rolda de presentacións realizadas.



13/02/2015

### **Vencemos á Consellaría na batalla contra os despedimentos do profesorado CELGA. A Xustiza deunos a razón**

A CIG-ENSINO xa leva gañadas 28 sentenzas en diferentes Xulgados do Social de Galiza, que están sendo recorridas pola Xunta de Galiza ao TSXG, o cal vén de ditar a primeira sentenza contra os recursos

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de darlle, de novo, a razón á CIG-ENSINO cunha sentenza na que declara nulo o despedimento dun dos profesores que impartía cursos CELGA. O TSXG rexeita así o recurso presentado pola Xunta e sentenza do mesmo xeito que xa o fixeran diferentes xulgados do social. A CIG-ENSINO ten presentado co profesorado que impartiu cursos CELGA 52 demandas por despedimento e leva gañadas 28 sentenzas, 22 por despedimento nulo e 6 por improcedentes, estando pendentes o resto. O TSXG ademais de rexeitar o recurso da Xunta imponlle 600 euros de costas.

*Ano tras ano esiximos incluír o Día de Rosalía no calendario escolar*

23/02/2015

### **Ano tras ano esiximos incluír o Día de Rosalía no calendario escolar**

E que o Panteón de Galegos Ilustres pase a ser de carácter público

Na Mesa Sectorial do 10 de febreiro, a CIG-ENSINO exixiulle á Consellaría de Educación que atendese a petición que vimos realizando ano tras ano para que o Día de Rosalía forme parte do calendario escolar. A proposta da CIG-ENSINO baséase na necesidade de seguirmos a difundir a obra da nosa autora fundacional e, a través dela, enaltecer a nosa lingua e contribuír á súa normalización. Para a CIG-ENSINO, é necesario darlle a esta data o relevo que merece, xa que a figura de Rosalía de Castro contribuíu enormemente á conciencia colectiva de termos un idioma propio e a darnos azos para seguir reclamando o lugar que lle corresponde.





05/03/2015

## Desmontamos as mentiras e enganos da Consellaría de Facenda ao respecto dos recortes salariais

Cualifica de «inaceptábel» e «inadmisíbel» a pretensión da Xunta de considerar saldada a débeda co persoal unha vez se pague o 100% da extra de 2012

Este mércores celebrouse, a proposta do novo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, unha xuntanza coa CIG-Área Pública na que esta exixiu o remate das reducións salariais; o cobro das pagas extras o 100%; a supresión das taxas de reposición e a creación de emprego público. Xunto a isto manifestou a súa oposición á Lei de Emprego Público e diante da afirmación do conselleiro de que a Xunta considerará saldadas as débedas co persoal unha vez se pague a extra de 2012, asegurou que «nos seguirá tendo enfronte destas políticas inaceptábeis porque hoxe as e os empregados públicos cobran menos salario que en 2010».

25/02/2015

## Unidade de acción co estudantado. Mobilizámonos e apoiamos as folgas estudantis contra os recortes e en defensa do ensino público

on numerosas e poderosas as razóns que xustifican que o estudantado convoque esta xornada de folga

A CIG-ENSINO quere facer público o apoio á folga convocada polas organizacións estudantis galegas no ensino secundario e universitario de Galiza para o día 26 de febreiro. Son numerosas e poderosas as razóns que xustifican que o estudantado convoque esta xornada de folga, pois, en lugar de cesar cos ataques ao ensino público, cada día fanse públicos máis recortes ou reformas que vulneran o dereito á educación, afondan na desigualdade social, mercantilizan, privatizan e deterioran o ensino público.

02/03/2015

## A CIG-ENSINO denuncia o atraso continuado no ingreso dos gastos de comedores escolares

A CIG-ENSINO esíxelle a Educación que faga inmediatamente o ingreso aos centros que prestan este servizo

A día de hoxe, 2 de marzo, a Consellaría de Educación continúa sen facerlles efectivo aos centros educativos o pago do gasto dos comedores de xestión directa correspondente aos meses de xaneiro e febreiro.

05/03/2015

## Levamos ao Parlamento Galego a ILP en defensa dos dereitos do profesorado e do ensino público

A sesión parlamentaria pode ser seguida en directo ou en diferido na web do Parlamento

A CIG-ENSINO, ante os constantes recortes que veu sufrindo o ensino público en Galiza, decidiu elaborar unha Iniciativa Lexislativa Popular para elevar ao Parlamento Galego a necesidade de restituír os dereitos do profesorado e mellorar a calidade do ensino. Durante o primeiro trimestre deste curso 2014-2015 a CIG-ENSINO levou a todos os centros de traballo esta proposta de ILP e así, no mes de decembro, puido presentar no Parlamento esta proposta avalada por 22.918 sinaturas.

A defensa dos nosos dereitos está na túa man!

Asina a ILP!

Iniciativa Lexislativa Popular en defensa dos DEREITOS LABORAIS, PROFESIONAIS E RETRIBUTIVOS do profesorado e mellora da CALIDADE DO ENSINO EN GALIZA

INFÓRMATE do texto da ILP: [cig-ensino.com](http://cig-ensino.com)



05/03/2015

## Rexeitamos a precarización que pretendía o Ministerio de Educación de dotar os centros públicos de bolseiros e bolseiras no lugar de profesorado

A CIG-ENSINO rexeitou esta proposta do Ministerio ao considerar que é unha proposta electoralista que ademais supón substituír profesorado por postos de traballo en precario

A CIG-ENSINO ademais de opoñerse a esta medida esixiu a derogación do RD 14/2012, e a elaboración dun plan de recuperación das plantillas de profesorado que foron reducidas de xeito importante nos últimos anos.

06/03/2015

## O actual conselleiro só abriu o búnker no que se pechou en San Caetano para unha toma de contacto coa CIG-ENSINO

Primeira toma de contacto co novo responsábel da política educativa da Xunta

A entrevista constatou as diferenzas abismais existentes coa Consellaría de Educación e nela trasladáronselle as reivindicacións do profesorado galego sobre a restitución dos seus dereitos e a mellora da calidade do ensino.



10/03/2015

## O PP votou en contra da ILP da CIG-ENSINO para restituír os dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado

O PP votou en contra, rexeitando restituír os dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado e mellorar o ensino público

O secretario nacional da CIG-ENSINO, Anxo Louzao, defendeu este martes 10 de marzo no Parlamento de Galiza a Iniciativa Lexislativa Popular de medidas para restituír os dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado e mellorar a calidade do ensino en Galiza. O PP, fiel á súa liña, defendeu a súa

xestión e utilizou a súa maioría parlamentaria para laminar esta Iniciativa que viña avalada por 23.000 sinaturas.

23/03/2015

## Defendemos o profesorado fronte á persecución da Consellaría e o intento de amedrentalo. Declárase ilegal o cese do director da Illa de Arousa

Para a CIG-ENSINO a sentenza evidencia unha actuación do xefe territorial de Pontevedra represiva e contraria a lei

A CIG-ENSINO exige que garanta a total gratuidade da utilización dos recursos audiovisuais nos centros de ensino

O xulgado contencioso administrativo nº3 de Pontevedra vén de ditar sentenza firme en contra da actuación da Consellaría de Educación por cesar ao director do IES Illa de Arousa en decembro de 2013 despois de abrialle expediente de revogación no seu cargo por retrasar un día o inicio de curso 2013-2014 a causa da falta de profesorado no centro.

25/03/2015

## A CIG-ENSINO exige que garanta a total gratuidade da utilización dos recursos audiovisuais nos centros de ensino



Se hai conflito cos xestores deses dereitos, debe ser a Consellaría a que pague o uso dos mesmos e non os centros

A Consellaría de Educación publicou nas vacacións de Nadal unha circular na que ditaba instrucións aos centros docentes en relación coa reprodución de obras audiovisuais e limitaba o seu uso como ferramenta indispensábel no traballo docente. Ante este atropelo, a **CIG-ENSINO** levou o tema á Mesa Sectorial realizada o día 10 de febreiro de 2015 para solicitar a «derrogación da circular 14/2014 de limitación da reprodución de obras audiovisuais, xa que, independentemente da nosa valoración da Lei da propiedade intelectual, é unha irresponsabilidade da Consellaría trasladar o problema aos centros educativos e limitar o uso dos recursos audiovisuais».

16/04/2015

### **Demandamos que a aplicación da sentenza do baremo do CXT se estenda a todo o profesorado, aplicando os criterios que a CIG-ENSINO defendeu na Mesa Sectorial**

A sentenza teríase que aplicar a todo o profesorado afectado e non exclusivamente ás persoas que forman parte do proceso

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG), mediante a sentenza do 11 de febreiro e o auto do 20 de febreiro en que aclaraba a dita sentenza, declaraba improcedente a valoración dos servizos como persoal interino e substituto no apartado 1.1.2 en calidade de persoal funcionario en situación de provisionalidade, sempre que se participe desde esta situación ou desde o primeiro destino definitivo.



23/04/2015

### **Presentamos unha emenda á totalidade da LOMCE no Consello Escolar do Estado**

A **CIG-ENSINO** fai un chamamento ao profesorado para que non participe nin na aplicación, nin na corrección destas probas

A **CIG-ENSINO** presentou unha emenda á totalidade perante a Permanente do Consello Escolar do Estado para reclamar a retirada do Proxecto de Real Decreto polo que se regulan as probas da avaliación final de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, as reválidas.

27/04/2015

### **Mobilizámonos contra a aprobación da Lei do Emprego Público de Galiza ao non apostar polo emprego público ou os dereitos sociais e laborais das e dos seus empregados**

Nin é unha «Lei de emprego público Galego», nin recolle aspectos que para a nosa central sindical son básicos para recuperar os servizos públicos, o emprego público ou os dereitos sociais e laborais das e dos empregados públicos

A **CIG-ENSINO** xunto coas federacións que constitúen a Área Pública da **CIG** convocan unha concentración diante do

Parlamento Galego este 28 de abril ás 12 horas con motivo da votación do texto definitivo da Lei de Emprego Público Galego. A concentración ten como fin amosar publicamente, unha vez máis, o rexeitamento a totalidade de esa Lei, rexeitamento xa manifestado nos diferentes momentos de tramitación que tivo a referida

Lei. De feito xa temos demandado, por escrito e en sucesivas xuntanzas coa administración, a súa retirada porque nin é unha «Lei de emprego público Galego», nin recolle

aspectos que para a nosa central sindical son básicos para recuperar os servizos públicos, o emprego público ou os dereitos sociais e laborais das e dos empregados públicos.

28/04/2015

### **A CIG-ENSINO reclamou a retirada do Decreto de currículos da ESO e Bacharelato e o adiamento da aplicación da LOMCE**

A Consellaría acepta a proposta da **CIG-ENSINO** de incrementar unha hora na materia de filosofía de 1º de Bacharelato e tamén accedeu á nosa petición de que o profesorado interino poida acceder ás licenzas de formación

Este Decreto emana da LOMCE e desde a **CIG-ENSINO** reafirmámonos na necesidade da súa retirada.

30/04/2015

### **Denunciamos os atrasos no financiamento para a implantación da FP Básica**

Os centros seguen sen recibir as dotacións específicas para a implantación da FP Básica, malia estar comprometida

*Presentamos unha emenda á totalidade da LOMCE no Consello Escolar do Estado*



### pola Consellaría con cargo ao Ministerio e ao Fondo Social Europeo

A CIG-ENSINO denuncia a problemática que están sufrindo os centros ao non recibir aínda ningunha dotación específica para a implantación da FP Básica, malia estar comprometida pola Consellaría de Educación con cargo ao Ministerio e ao Fondo Social Europeo, segundo unha escrito enviado polo director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en novembro de 2014, aos directores e directoras.

05/05/2015

### Iniciamos e lideramos, no seo da Plataforma Galega, as campañas de boicot ás reválidas

Propón que non se envíen os fillos/as ese día a clase ou que as familias entreguen un escrito á dirección manifestando o seu rexeitamento ás probas

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público rexeitou este martes en rolda de prensa a proba de avaliación individualizada en 3º de primaria que se realizará o 27 e 28 de maio e que é o preámbulo das reválidas. A Plataforma vai desenvolver unha campaña para animar as familias a que

desdeñen estas probas non enviando ese día os seus fillos ou fillas ao centro ou entregando á dirección un escrito amosando o seu rexeitamento á proba (no interior da nova podes acceder ao modelo). A Plataforma tamén convoca unha concentración para o 27 de maio ás 11:30 horas diante da Consellaría de Educación.

21/05/2015

### Conseguimos a aprobación no Consello Escolar de Galiza dunha emenda solicitando a retirada do currículo da ESO e o Bacharelato LOMCE

O CEG con 20 votos a favor, 17 en contra e 0 abstención solicitalle a Consellaría de educación a retirada do decreto

A CIG-ENSINO baseou a solicitude da retirada do decreto na

necesidade de adiar a aplicación da LOMCE, xa que a estas alturas é unha chamonada querer aplicar un decreto que non vai estar aprobado até agosto ou setembro e que, porén, os centros teñen que ter como referencia para organizar o curso vindeiro sen coñecer, sequera, as materias que poden ofertar. Delegados e delegadas da CIG-ENSINO concentráronse diante do edificio Cinc da Cidade da Cultura, coincidindo coa reunión do Consello Escolar de Galiza.

04/06/2015

### Mobilizámonos esixindo melloras nas condicións laborais e na xestión democrática dos CIFP

A CIG-ENSINO entregou 486 sinaturas de profesorado que imparte docencia nestes centros esixindo melloras nas condicións laborais e unha xestión democrática

Delegados e delegadas da CIG-ENSINO concentráronse este mércores 3 de xullo diante da Consellaría de Educación para denunciar a situación na que se atopan os CIFP e exixir unha táboa reivindicativa que contempla medidas dirixidas a mellorar o seu funcionamento, unha xestión democrática e as condicións laborais do profesorado. Coincidindo con





esta concentración a CIG-ENSINO fixo entrega no rexistro da Xunta de 486 sinaturas en apoio da táboa reivindicativa do profesorado dos CIGP.

04/06/2015

### Esiximos a gratuidade do material escolar. Ensino público Gratuito

Esixe a gratuidade universal dos libros e do material escolar

*Esiximos a gratuidade do material escolar. Ensino público Gratuito*

A CIG-ENSINO denuncia o caos que está a provocar a Consellaría de Educación coa orde que regula o fondo solidario de libros e a orde da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, publicadas o día 1 de xuño no DOG. A CIG-ENSINO considera que a publicación destas ordes pon en evidencia a deriva da Consellaría de Educación neste tema, unha Consellaría desnortada que segue sen garantir a gratuidade dos libros de texto para todo o alumnado, especialmente nun momento de crise económica, prexudica o funcionamento dos centros e carga de traballo administrativo o profesorado. Nas decisións da Consellaría pesa máis o seu posicionamento ideolóxico que a marcha normal do sistema educativo.

10/06/2015

### Defendemos o uso educativo do material audiovisual por parte do profesorado galego

Delegados e delegadas da CIG-ENSINO concentráronse diante da Consellaría de Educación

Solicitamos a derogación da circular 14/2014 de limitación da reprodución de obras audiovisuais, xa que, independentemente da nosa valoración da Lei da propiedade intelectual, é

unha irresponsabilidade da Consellaría trasladar o problema aos centros educativos e limitar o uso dos recursos audiovisuais. Se hai conflito cos xestores deses dereitos, debe ser a Consellaría a que pague o uso dos mesmos e non os centros.

15/06/2015

### Reclamamos a ampliación da oferta da Formación Profesional nos centros Públicos

Educación vulnera máis unha vez as canles de negociación ao non negociar na Mesa sectorial a oferta de FP para o próximo curso

A CIG-ENSINO considera urxente negociar unha nova Rede de FP que inclúa a FP básica, que recolla unha planificación a máis longo prazo e que incorpore a implantación de novos ciclos, xa que a oferta segue sen cubrir a demanda para moitos ciclos. A CIG-ENSINO denuncia que a Consellaría de Educación volveu levar a oferta de FP á Permanente do Consello Galego de FP sen negocialo previamente na Mesa Sectorial.



19/06/2015

## Seguimos loitando contra a LOMCE e solicitando da Consellaría a implicación pola calidade do ensino

Facemos un chamamento á Consellaría de Educación para que cese na súa obcecación en continuar coa aplicación da LOMCE

A **CIG-ENSINO** esíxelle á Consellaría responsabilidade, coherencia, respecto e unha actuación que priorice a calidade do ensino. É dicir, a **CIG-ENSINO** esixe da Consellaría que deixe de comportarse como un instrumento ao servizo da ideoloxía do PP e asuma as súas responsabilidades velando polo que é mellor para as galegas e os galegos, que neste caso pasa, necesariamente, pola paralización da LOMCE.

01/07/2015

## Denunciamos recortes no profesorado de NEAE

Pretende recortar o xa insuficiente número de docentes, nomeadamente o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL)

A Consellaría de Educación deu instrucións á inspección educativa para que se continúe recortando profesorado nos centros educativos. Neste momento estanse fixando os cadros de persoal para o curso vindeiro e pódese constatar como a Consellaría, non só non atende as solicitudes dos centros educativos, senón que pretende recortar o xa insuficiente número de docentes, nomeadamente o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).



17/08/2015

## Denunciamos políticas favorecedoras do ensino privado fronte ao público

Ademais a Consellaría específica que esta orde terá vixencia non só durante o curso que vén senón tamén o seguinte: 2016-2017

Denunciamos esta política da Consellaría de Educación que, en lugar de centrar os esforzos en manter e mellorar a calidade do ensino público, dedica unha parte importante do orzamento de educación a financiar centros privados, un financiamento que se incrementa ano a ano, mentres os centros públicos teñen que aturar que se supriman unidades e que non se atendan as necesidades materiais e de profesorado.

02/09/2015

## Analizamos todos os comezos de curso

A **CIG-ENSINO** acusou ao PP de levar a cabo unha política educativa «errática» que dimensiona o ensino privado en detrimento do público

A **CIG-ENSINO** acusou ao PP de levar a cabo unha política educativa «errática» que dimensiona o ensino privado en detrimento do público e denunciou a redución dos cadros de persoal nos centros, o peche de escolas, a supresión de unidades e a masificación das aulas.

04/09/2015

## Unha loita que ao final gañamos, xa temos recoñecementos médicos, agora toca melloralos e facelos na pública

Pasou máis dun ano e a Consellaría aínda non ofreceu este servizo e nin sequera publicou o prazo para solicitalo

Os recoñecementos médicos anuais para o persoal docente fixéronse efectivos por primeira vez o curso pasado, despois de

que a **CIG-ENSINO**, ante a negativa da Consellaría de educación a ofrecelos como un dereito incuestionábel destes traballadores e traballadoras, se vise obrigada a recorrer aos

tribunais. Unha vez que o Tribunal Supremo ditou sentenza a favor da **CIG-ENSINO**, aínda tivemos que solicitar a execución da sentenza por a Consellaría non estar disposta a aplicala. Finalmente, despois dunha longa batalla xudicial e ante o decisión de Educación de privatizar este servizo, que segundo a propia Consellaría supuña un custo a maiores dun 40%, un sobrecusto de máis de 800.000 euros do erario público, a **CIG-ENSINO** denunciou esta privatización no Parlamento, no Valedor do Pobo e no Xulgado do Penal.

09/09/2015

## Denunciamos xunto coa PGDEP os recortes no Ensino

Denunciou en rolda de prensa a conflictividade que están a provocar os recortes, a falta de profesorado e a aplicación da LOMCE

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público denunciou este mércores, 9 de setembro, en rolda de prensa a conflictividade que provocan neste inicio de

*Xa temos recoñecementos médicos, agora toca melloralos*



01/10/2015

## Pelexamos por rebaixar a burocracia nos centros educativos

A aplicación da LOMCE continúa creando confusión e desorde co inicio de curso en secundaria

A **CIG-ENSINO** reclamou desde o inicio deste ano o adiamento e mesmo a paralización da LOMCE, pois a experiencia do acontecido o pasado ano en primaria auguraba que este curso se repetiría a situación de caos provocada pola súa imposición en secundaria.

09/10/2015

## Denunciamos a mentiras da Consellaría coas novas tecnoloxías nos centros educativos

A Consellaría de Educación do Partido Popular imposibilita o normal discurrir do curso nos centros onde está implantado o programa

O EdixGal, proxecto para a incorporación de materiais didácticos en liña en todas as materias a partir de 5º de primaria en centros Abalar, é na práctica unha forma de contratar materiais didácticos para todos os centros no seu conxunto durante tres anos.

26/10/2015

## Desenmascaramos a utilización dos centros plurilingües para atacar ao galego

A **CIG-ENSINO** continúa exixindo a derogación do Decreto 79 de Plurilingüismo e a aprobación doutra nova orde que promova a normalización no ensino

Vénse de publicar a orde da relación de centros plurilingües para este curso 2015/2016 e nela pódese comprobar o que xa ten denunciado a **CIG-ENSINO** en reiteradas ocasións: o Decreto

curso os recortes impostos pola Consellaría de Educación e a súa obstinación por aplicar a LOMCE e por non dotar aos centros do profesorado suficiente. Diante desta situación convoca unha concentración o 16 de setembro ás 11:30 horas diante da Consellaría de Educación.

14/09/2015

## Un novo curso, 2016, en secundaria que comeza con novos recortes

Iníciase o curso en secundaria con moitos centros sen profesorado

A **CIG-ENSINO** denuncia que a Consellaría de Educación continúa sen atender as demandas que están a facer diferentes centros públicos que se atopan sen profesorado para iniciar con normalidade o novo curso escolar. Este martes 15 de setembro iniciase o curso en secundaria con falta de profesorado nos centros, masificación de aulas e maior porcentaxe de docentes que van ter que impartir unha ou máis materias das que non son especialistas.

14/09/2015

## Non nos deixamos enganar, non cobramos o 100% das pagas extras

Información da reunión mantida co conselleiro de Facenda

A **CIG** mostrou o seu total rexeitamento ás propostas presentadas xa que para nós é irrenunciábel a restitución de todos e cada un dos dereitos laborais, retributivos e profesionais que nos foron arrebatados. Por tanto, parécenos inadmisíbel e inxustificábel que nin sequera se coñeza o horizonte para recuperar as pagas extras completas e para restituír os salarios que tiñamos no 2010, tendo en conta que o profesorado galego tivo unha perda acumulada desde ese ano que vai desde os 24.000 euros aos 42.000 euros

16/09/2015

## Defendemos o uso educativo do material audiovisual por parte do profesorado galego fronte a un goberno que quere que as empresas fagan negocio

Educación avala a caza de bruxas por parte das empresas privadas

A **CIG-ENSINO** exíxelle, un ano máis, á Consellaría que prohiba con carácter de urxencia o cobro e o negocio de empresas privadas nos centros educativos, así como o control que estas empresas pretenden realizar sobre a utilización de materiais audiovisuais, e que garanta a total gratuidade da utilización destes recursos.



79 para o Plurilingüismo foi ideado coa perversa intención de reducir a presenza do noso idioma, e a dita orde pon xustamente isto en evidencia.

06/11/2015

## A Xustiza volve a dar a razón a CIG-ENSINO. Tiveron que devolvernosa parte devindicada da paga extra do 2013

Anuncia que promoverá reclamacións contra o recorte ilegal da paga do ano 2013

O Xulgado do Contencioso Administrativo N° 1 de Ourense e o N° 1 de Pontevedra veñen de ditaminar senllas sentenzas nas que se establece o pagamento do complemento específico das pagas extras. O Goberno galego segue negándose a restituír este concepto adiando o seu pagamento ao ano 2017.

06/11/2015

## Denunciamos e damos voz ás queixas do profesorado polo mal funcionamento das ferramentas da Consellaría

Tamén se fai referencia ao programa XADE

A CIG-ENSINO solicítalle as medidas oportunas para solucionar o mal funcionamento

do correo electrónico corporativo e do programa XADE, a fin de non complicar aínda máis o normal funcionamento dos centros escolares e o traballo burocrático que o profesorado está obrigado a facer.

11/11/2015

## Levamos á Valedora do Pobo o uso educativo do material audiovisual por parte do profesorado galego

A CIG-ENSINO fai esta demanda diante do silencio da Consellaría de Educación despois de que presentamos case 4.000 sinaturas de profesorado demandando a derogación da circular

A CIG-ENSINO vén de dirixirse á Valedora do Pobo para solicitarlle que interveña a fin de que o profesorado continúe a poder facer un uso gratuíto dos medios audiovisuais como ferramenta imprescindible para o traballo docente.

11/11/2015

## Esiximos que os comedores escolares sexan de xestión directa e gratuítos

Reclama un sistema de xestión directa por parte da

## Administración dos servizos de comedor escolar á vista dos problemas ocasionados polo sistema privado de concesión

A CIG-ENSINO reclama que se rescinda o contrato das empresas concesionarias dos caterings dos comedores e que a Administración pase a ocuparse directamente de proporcionar este servizo xa que consideramos que nesta cuestión o criterio a ter en conta debe ser a calidade da comida nos centros de ensino e non o do beneficio para as empresas privadas.

11/11/2015

## Defendemos a nosa lingua aí onde é necesario

Para acreditar o coñecemento do idioma de relación

A CIG-ENSINO vén de dirixirse ao Ministerio de Educación para que modifique o borrador de orde pola que se convoca concurso de méritos para a provisión de postos de persoal docente e de asesores no exterior para que no caso das prazas en estados o territorios de lingua oficial portuguesa se acepten as titulacións en lingua galega como equivalentes a todos os efectos ás titulacións en lingua portuguesa para acreditar o coñecemento do idioma de relación.

16/11/2015

## O traballo docente é importante. Realizamos unha recollida de sinaturas para por en valor o traballo docente

Xa se celebraron unhas 700 asembleas e está previsto que se desenvolvan 1.400 abranguendo así todos os centros de ensino de Galiza

A CIG-ENSINO está a desenvolver unha campaña de recollida de sinaturas baixo o lema «O



traballo docente é importante», para a que editou 1.500 cartaces e 20.000 boletíns de **CIG-INFORMA** que serán distribuídos nas 1.400 asembleas previstas en todos os centros públicos de Galiza.

18/11/2015

### **Evitamos que a Consellaría descontase tamén por indisposicións leves sen baixa**

A Consellaría pretende suprimir o permiso de até tres días por indisposición ou enfermidade xustificada documentalmente

A **CIG-ENSINO** vén de reclamarlle á Consellaría a continuidade deste permiso. No caso de non atender a nosa demanda, promoveremos os recursos necesarios para facer valer este dereito.

20/11/2015

### **A Valedora do Pobo acepta a trámite a nosa demanda do uso educativo do material audiovisual por parte do profesorado galego**

A Consellaría continúa sen atender esta demanda que a **CIG-ENSINO** presentou avalada por case 4.000 sinaturas de profesorado

A Valedora do Pobo vén de admitir a trámite a queixa presentada pola **CIG-ENSINO** para solicitarlle que interveña a fin de que o profesorado continúe a poder facer un uso gratuíto dos medios audiovisuais como ferramenta imprescindible para o traballo docente.

24/11/2015

### **Os orzamentos do 2016 non adiantan nada bo para o Ensino Galego**

A **CIG-ENSINO** analizou e valorou en rolda de prensa os orzamentos da Consellaría que non dan resposta ás necesidades dos centros e do ensino

A **CIG-ENSINO** valorou este martes 24 de novembro en rolda de prensa os orzamentos da Consellaría de Educación para o ano 2016 e advertiu que se despreocupan de resolver as necesidades e carencias do ensino público.

28/11/2015

### **A CIG-ENSINO denuncia a vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade e de liberdade ideolóxica no sistema de acceso a unha praza no colexio Salvador Moreno de Pontevedra**

A **CIG-ENSINO** dirixiuse á Subdelegación de Defensa de Pontevedra e ao conselleiro de Educación para evitar un monopolio encuberto no acceso á función pública para un determinado colectivo

A **CIG-ENSINO** foi convocada pola Subdelegación de Defensa de Pontevedra para formar parte do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de persoal laboral temporal, titulado/a medio de actividades específicas, grupo 2, mestre/a de educación primaria, no centro de educación primaria e ESO «Salvador Moreno» de Pontevedra. Na dita convocatoria, achegábanse as bases e os requisitos que debían cumprir os candidatos e candidatas, entre os que figuraba, no anexo 2, a condición de «estar en posesión da Declaración Eclesiástica de Competencia Académica (DECA) de educación primaria».

03/12/2015

### **Solicitamos da Consellaría e conseguimos que inclúa ao profesorado substituto nas revisións médicas e que aumente o prazo de solicitude**

### **Educación limitou a dez días o prazo para solicitar a revisión médica e deixa fóra ao profesorado substituto**

Desde a **CIG-ENSINO** reiteramos a nosa denuncia ante a Administración tanto polo agachado da convocatoria como polo exíguo do prazo que se faculta para tramitar a solicitude. Ademais a Consellaría denégalle este dereito ao profesorado substituto que está en activo e ao que non está desempeñando o seu traballo nun centro educativo (servizos centrais, CAFI...) ao impedirles o acceso ao portal no que se solicitan as revisións. Por esta razón a **CIG-ENSINO** dirixiuse por escrito á Consellaría para que amplíe o prazo e garanta este dereito a todos o profesorado en activo no curso 2015-2016.

17/12/2015

### **Comezamos a gañar a loita das pagas extra de 2013**

Nas resolucións xudiciais enténdese que ao existir silencio na reclamación salarial en vía administrativa, o sentido deste é positivo

Dúas sentenzas (firmes e contra das que non cabe recurso) recoñecen ao persoal funcionario dos servizos centrais da Xunta o dereito a cobrar de xeito íntegro os dous complementos específicos das pagas extraordinarias de 2013. A diferenza das resolucións anteriores polo mesmo motivo, nestas dúas sentenzas o xuíz entende que ao existir silencio na reclamación salarial en vía administrativa, o sentido deste é positivo e, polo tanto, estima na súa totalidade a reclamación da persoa traballadora.



15/01/2016

## Apostamos polo Portugués no Ensino Galego

Asina a proposta da Associação de Docentes de Português na Galiza para que a oferta de emprego inclúa prazos de portugués

A CIG-ENSINO asinou e participou este venres 15 de xaneiro na entrega no Rexistro da Xunta dun escrito da Associação de Docentes de Português para potenciar e estender o portugués como segunda lingua estranxeira no ensino. Esíxese á Consellaría unha verdadeira aposta na implementación da lingua portuguesa no ensino regrado galego, a non discriminación dunhas linguas en detrimento doutras, que para este curso 2015-2016 sexan convocadas prazas para a especialidade de portugués no ensino secundario e sexa establecida unha listaxe de substitucións propia co requisito da titulación e/ou coñecementos que a lexislación actual marque.

18/01/2016

## Denunciamos xunto coa PGDEP a superación das ratios legais en moitas aulas

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público require da consellaría de Educación o seu cumprimento

*Denunciamos xunto coa PGDEP a superación das ratios legais en moitas aulas*

e advirte que de non se atender a súa reclamación recorrerá ao Contencioso

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público presentou esta mañá, no rexistro da Xunta, un requirimento á consellaría de Educación en demanda do cumprimento das ratios legais de alumnado por aula nos centros públicos galegos e anunciou que se a resposta da consellaría é negativa recorrerá á vía do Contencioso-Administrativo.

21/01/2016

## Comezamos a campaña xudicial para recuperar o roubado nas pagas extra do 2013

Despois de presentar, en tan só un mes, máis de 700 recursos individuais reclamando a paga extra do ano 2013, desde a CIG-ENSINO animamos a todo o profesorado a presentar recurso para recuperala

A batalla xudicial contra a eliminación da paga extra do ano 2012 fixo posíbel que o persoal ao servizo da Xunta de Galiza vaia recuperar no ano 2016 a integridade da paga extra de 2012 despois de que numerosas sentenzas recoñecesen o dereito do persoal da Xunta a cobrar a parte proporcional daquela paga extra

relativa ao mes de xuño e a 14 días de xullo de 2012. A presión electoral fixo o resto para que a cobremos en prazos fixados pola proximidade das diferentes eleccións.

03/02/2016

## Presentamos as sinaturas da Campaña «O traballo docente é importante»

Delegados e delegadas da CIG-ENSINO concentráronse diante da consellaría de Educación este mércores 3 de febreiro

A CIG-ENSINO presentaba esta mañá, no rexistro da Xunta, as máis de 9.112 sinaturas coas que o profesorado avala a demanda de melloras nas súas condicións laborais e na calidade do ensino público. Xunto coas sinaturas, a CIG-ENSINO solicitou tamén ser recibida polo concelleiro de Educación. «Esperamos polo menos que non ignore os e as 9.112 profesores e profesoras que hoxe, coa súa sinatura, están a amosar o seu desacordo coa política educativa e de descualificación permanente ao noso traballo como docentes.

18/02/2016

## Avances insuficientes no persoal administrativo dos centros docentes

Proposta insuficiente

Desde a CIG-ENSINO continuaremos na loita para que todos os centros educativos contén co persoal non docente necesario e non se precarice o traballo.

22/02/2016

## Denunciamos máis recortes aproveitando o Concurso Xeral de Traslados

A CIG-ENSINO exige que saian a concurso todas as vacantes que

neste momento está creadas, funcionando e non cubertas por profesorado definitivo

Como é sabido, o curso pasado, a Consellaría, despois dun cúmulo de despropósitos, acordou non convocar Concurso Xeral de Traslados (CXT) para prazas de Galiza, impedindo así a mobilidade do profesorado dentro do país. Isto comporta que preto de 9.000 docentes participen no concurso convocado este ano.

23/02/2016

### **Seguimos reclamando o día de Rosalía á Consellaría, pero mentres tanto animamos a festexalo pola nosa conta nos centros educativos**

Desde a CIG-ENSINO seguiremos insistindo en que o 24 de febreiro se inclúa como unha conmemoración centrada no recoñecemento e difusión da autora

Un ano máis, a CIG-ENSINO anima o profesorado a festexar o Día de Rosalía. Para a CIG-ENSINO o Día de Rosalía é unha data de imprescindible celebración, pois sen Rosalía Castro talvez non teriamos hoxe a conciencia colectiva de termos un idioma propio e os azos de seguir reclamando para el o lugar que lle corresponde. Ela non foi a única que ergueu a bandeira da defensa do idioma, mais foi a primeira en dar o paso definitivo empregando e defendendo o noso idioma co seu «Cantares gallegos».

04/03/2016

### **Conseguimos a anulación da Circular sobre o uso dos audiovisuais no ensino**

Da resolución da Valedora do Pobo despréndese que non hai máis limitacións do uso dos audiovisuais que o establecido

non Real decreto legislativo 1/996 do 12 de abril

A CIG-ENSINO emprendeu, xa no curso pasado, unha campaña con grande acollida do profesorado, para que a Consellaría retirase a circular que enviou aos centros no curso 2014-2015 na que limitaba o uso dos recursos audiovisuais como ferramenta didáctica e pedagóxica nos centros escolares. A Consellaría non só non atendeu a proposta da CIG-ENSINO senón que, posteriormente, facilitou que unha empresa privada pretendese cobrar pola utilización dos contidos audiovisuais.

06/04/2016

### **Denunciamos un enchufe clarmoroso**

No Concurso de Traslados

A Consellaría de Educación, así que rematou o prazo para poder concursar, publicou as vacantes provisionais obxecto de provisión no concurso xeral de traslados. Sorprendentemente nesas vacantes figura unha praza da especialidade Conservación e Restauración do Documento Gráfico, código 596, cando na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza non se imparte nin está creada a dita especialidade nin foi solicitada polo centro, nin pola inspección educativa.

14/04/2016

### **Outra sentenza gañada sobre as pagas extras do 2013**

Nova labazada xudicial á Xunta de Galiza polo recurso de casación en interese de lei que interpuxo contra unha sentenza gañada polos servizos xurídicos da CIG

*Conseguimos a anulación da Circular sobre o uso dos audiovisuais no ensino*

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de ditar unha sentenza na que se confirma que a Xunta recortou ilegalmente unha parte da paga extra do ano 2013. O alto tribunal galego resolve deste xeito en reposta a un recurso de casación en interese de lei presentado pola Xunta contra unha sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo.

20/04/2016

### **Mantendo viva a loita contra a LOMCE**

Nais, pais, profesorado e alumnado concentráronse este mércores diante da consellaría de Educación para demandar a paralización e posterior derogación da lei

Representantes da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público concentráronse esta mañá diante da consellaría de Educación para demandar a paralización e derogación da LOMCE e das reválidas. Unhas probas que xa se celebraron o curso pasado en terceiro de Primaria –cunha insubmisión de máis do 50% das familias–, que este ano pretenden estenderse a sexto e que «nin benefician o alumnado, nin favorecen o proceso de aprendizaxe».

21/04/2016

### **Solicitamos e loitamos por avances na conciliación**

A CIG-ENSINO tamén lle esixiu á Consellaría de Educación que adapte o Xade á nova Orde de permisos e licenzas

A CIG-ENSINO dirixiuse por escrito á Consellaría de Educación para solicitarlle que poña en coñecemento das súas traballadoras e

traballadores que, para os efectos da aplicación do artigo 14 da nova Orde de permisos e licenzas, ademais do acompañamento dos fillos e fillas ás visitas médicas, tamén teñan a consideración de deber inescusábel de carácter persoal, por deberes relacionados coa conciliación da vida persoal e familiar e polo tempo indispensable, o coidado domiciliario dos fillos e fillas menores con algunha enfermidade, cando se poida documentar mediante o correspondente informe médico.

25/04/2016

### **Loitando contra as Reválidas que conseguimos paralizar**

Teñen como co obxectivo de que as familias non envíen os seus fillos ou fillas e facer inviábeis as probas

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público continúa na loita contra a LOMCE e vén de pór en marcha a campaña contra as reválidas para que as familias non envíen os seus fillos ou fillas a facer as probas xerais de primaria. Representantes da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público presentaron este luns 25 de abril en rolda de prensa, en Santiago, as diferentes accións que teñen como co obxectivo facer inviábeis as probas.

30/05/2016

### **Conseguimos que a Xunta pague de oficio o roubado da paga extra de 2013**

Unha vez máis fomos capaces, coa campaña que realizamos, cos centos de reclamacións presentadas e as numerosas sentenzas gañadas, de dobregar a Xunta de Galiza

A Xunta de Galiza remitiunos o venres 27 de maio unha proposta de acordo para efectivizar a parte proporcional devindicada do complemento específico da paga extra de 2013. A CIG-ÁREA PÚBLICA quere lembrarlle á Xunta de Galiza que os acordos son froito dunha negociación e non dunha imposición e que, dende logo, non ten xustificación ningunha facer, a través dos medios de comunicación, un novo engano con marcado carácter electoralista, por parte da administración, aos seus traballadores e traballadoras, no que a CIG non vai a entrar nin colaborar de ningunha maneira.

02/06/2016

### **Non asinamos acordos electorais que laven a cara ao goberno do PP**

Considera que se trata dunha proposta electoralista que a CIG non avala

Como xa tiña anunciado, a CIG non asinou o acordo coa

Xunta de Galiza de pagar a parte devindicada da paga extraordinaria do ano 2013, porque non se trata de ningún dereito a negociar, senón dun dereito recoñecido por múltiples sentenzas xudiciais gañadas pola central sindical, que a Xunta ten a obriga de executar. Para a CIG este acordo non supón mais que unha escusa para o goberno de Feijoo poder realizar outro anuncio electoralista.

30/06/2016

### **Defendemos o ensino público fronte ao privado**

Esiximos que se manteñan as unidades e os postos de traballo para poder ofertar un ensino de calidade

A CIG-ENSINO quere denunciar a intención da Consellaría de Educación de suprimir unidades e profesorado na comarca de Santiago ao tempo que decide aumentar a oferta do ensino privado concertado de forma irregular cando existen prazas de matrícula suficientes nos centros públicos.

04/07/2016

### **O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza dá nos a razón por unha adjudicación irregular**

A CIG-ENSINO exige a depuración de responsabilidades na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) vén de ditar sentenza firme en contra da actuación da Consellaría de Educación que cualifica de irregular, despois do recurso presentado pola asesoría xurídica da CIG-ENSINO.





15/07/2016

## Os recortes non collen vacacións, e a CIG-ENSINO tampouco

A CIG-ENSINO ten que denunciar que a Consellaría de Educación emprega, unha vez máis, as datas de verán, este venres de mediados de xullo, para recortar unidades e postos de traballo no Ensino Público

A CIG-ENSINO ten que denunciar que a Consellaría de Educación emprega, unha vez máis, as datas de verán, este venres de mediados de xullo, para recortar unidades e postos de traballo no Ensino Público.

06/08/2016

## A CIG-ENSINO denuncia os pagos electorais da Xunta

A Xunta vai pagar o que resta da paga do 2012 e o gañado por sentenzas da paga 2013 na nómina de agosto

O DOG do día 5 de agosto publica o anuncio da Consellaría de Facenda en que informa de que vai devolver conxuntamente a parte que falta da paga extra de 2012 e a parte da paga extra de 2013 que a Xunta accedeu a aboar despois das numerosas sentenzas, moitas delas gañadas pola CIG, grazas ao cal moitas profesoras e

profesores xa percibiron a parte correspondente á extra de 2013.

14/09/2016

## Seguimos a loitar contra a LOMCE e os recortes no ensino público

A Plataforma di que se non retiran as reválidas fará un chamamento á insumisión

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público (PGDEP) concentrouse este mércores 14 de setembro diante da Consellaría de Educación contra a aplicación das reválidas e para denunciar a falta de profesorado, de prazas e de recursos no ensino público. Anxo Louzao, en representación da Plataforma, dixo que se non retiran as reválidas a Plataforma fará un chamamento á insumisión a estas probas que foron rexeitadas o curso pasado por máis do 80% das familias.

04/10/2016

## Comezamos o curso loitando contra a LOMCE e os recortes

Coincidindo coa apertura oficial do curso en FP por parte da raíña Letizia e do Ministro de Educación

A CIG-ENSINO concentrouse na mañá deste martes 4 de outubro en Mondoñedo, en Lugo, para

exixir a derogación da LOMCE e a eliminación das reválidas e denunciar os recortes no ensino público coincidindo coa apertura oficial do curso na FP por parte da raíña Letizia e do Ministro de Educación no IES San Rosendo.

13/10/2016

## Cabazas para o Conselleiro

A PGDEP fai un chamamento aos centros para que o 20 de outubro se concentren no recreo contra a LOMCE e as reválidas

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público realizou este xoves 13 de outubro, no Rexistro da Xunta, en Santiago un acto simbólico de entrega de cabazas ao conselleiro de Educación para simbolizar e visualizar o gran suspenso da Consellaría de Educación por aplicar a reválidas. Este acto forma parte da campaña «NIN REVÁLIDAS NIN LOMCE» que leva adiante a PGDEP e que continuará o próximo 20 de outubro cunha chamada aos centros para que o profesorado e o alumnado fagan concentracións durante o recreo.

26/10/2016

## Concentracións contra as reválidas

A PGDEP realizou concentracións en Pontevedra, Compostela, Vigo, A Coruña, Lugo, Ferrol, Ourense, Carballo, Cee e Vilagarcía

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público (PGDEP)





valora como un rotundo éxito o seguimento desta xornada de loita contra as reválidas e a LOMCE. Durante a tarde a PGDEP realizou concentracións en Pontevedra, Compostela, Vigo, A Coruña, Lugo, Ferrol, Ourense, Carballo, Cee e Vilagarcía.

27/10/2016

### Vencemos

As reválidas quedan sen valor académico

Paso atrás totalmente insuficiente que continúa a amosar unha irresponsabilidade e desprezo absoluto co profesorado e alumnado de 2º de Bacharelato que se ten que afrontar este ano ás ditas probas, descoñecendo absolutamente todo o relacionado con estas

16/11/2016

### Seguimos as loitas contra as reválidas, xa sen valor académico

Chama a comunidade escolar á xornada de loita o vindeiro día 24 para que se paralicen todas as probas e se derroque definitivamente a lei

Cunha concentración simbólica diante da consellaría de Educación a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público reiteraba, esta mañá, a súa

VENCEMOS.  
As reválidas  
quedan sen valor  
académico

rotunda oposición ás reválidas e á LOMCE. Demandas que respaldou coa entrega dun total de 13.526 sinaturas recollidas nas últimas semanas que constatan o enorme rexeitamento que suscita esta lei no conxunto da comunidade escolar.

21/12/2016

### Analizamos os orzamentos da Consellaría e facemos propostas

O proxecto dos orzamentos para a Consellaría de Educación para o ano 2017 non dá resposta ás necesidades do sistema educativo

Para a CIG-ENSINO o proxecto de orzamentos da Consellaría de Educación para o ano

2017 non dá resposta ás necesidades do sistema educativo galego nin restitúe os dereitos laborais, salariais e profesionais que lle foron arrebatados ao profesorado desde o ano 2010, nin satisfán as súas reivindicacións máis sentidas. Por esta razón a CIG-ENSINO dirixiuse por escrito ao conselleiro de Educación para esixir a inclusión nos orzamentos dunha serie de propostas que podes consultar no interior da nova.

17/01/2017

### A valedora dá nos a razón e investigará as irregularidades na adjudicación dunha praza na Escola Superior de Restauración

Considera que as explicacións remitidas pola Consellaría non son suficientes

A CIG-ENSINO presentou unha queixa na Valedora do Pobo pola adjudicación irregular dunha praza na Escola Superior de Restauración en Pontevedra ao considerar que se trataba «dun enchufe clamoroso». A Valedora do Pobo vén de comunicarlle á CIG-ENSINO que seguirá investigando ao considerar insuficientes as explicacións da Administración e que quedan



cuestións «que necesitan ser aclaradas para analizar a transparencia do proceso realizado». Por esta razón a Valedora esíxelle á Consellaría que no prazo de 15 días remita información complementaria.

24/01/2017

## Denunciamos a involución dos orzamentos para o Ensino Público

Área Pública da CIG ten convocada para mañá unha concentración diante do Parlamento ás 12:00 horas

O secretario nacional da CIG-ENSINO, Anxo Louzao, denunciou esta mañá en rolda de prensa a «involución» que padeceu un dereito fundamental como é o ensino público desde a chegada de Núñez Feijoo á presidencia da Xunta, cuns recortes orzamentarios acumulados de, nin máis nin menos, 1.943 millóns de euros que van continuar nos orzamentos actuais e que para a CIG-ENSINO «acrecentan a desigualdade, a privatización e a segregación».

16/02/2017

## Desenmascaramos engano do pacto pola educación

Louzao: «co masivo seguimento da folga o goberno ten que derrogar a LOMCE e a Xunta abrir o debate para unha lei galega»

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, que apoiou a folga e as manifestacións convocadas pola organización estudantil Erguer, celebrou a última hora desta tarde concentracións nas sete cidades e en vilas como Cangas, Cee, Carballo ou Vilagarcía. Toda unha serie de mobilizacións coas que exixiu a inmediata derrogación da LOMCE e a apertura dun diálogo con toda

a comunidade educativa para elaborar unha nova lei que teña en conta as necesidades do sistema educativo.

20/02/2017

## Facemos un chamamento a festexar o Día de Rosalía

Seguiremos insistindo en que o 24 de febreiro se inclúa como unha conmemoración centrada no recoñecemento e difusión da autora que simboliza o Rexurdimento da nosa lingua e a nosa literatura

Como cada ano, a CIG-ENSINO fai un chamamento a conmemorar o Día de Rosalía, unha data de imprescindible celebración, pois Rosalía de Castro é un dos meirandes símbolos da nosa lingua, da nosa cultura, da nosa identidade.

22/02/2017

## Convocamos FOLGA: Contra a LOMCE e os recortes e por unha Lei Galega de Educación

Contra a LOMCE e os recortes e por unha Lei Galega de Educación

O 9 de marzo, ás 11.30 horas, participa nas mobilizacións da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público. Non á LOMCE! Non aos recortes! Lei galega de educación!

09/03/2017

## Analizamos os resultados da Folga contra a LOMCE

Estudantado e profesorado percorreu as rúas de cidades e vilas galegas contra a LOMCE e os recortes

O ensino público en Galiza foi hoxe á folga contra a LOMCE e os recortes en educación, cun seguimento que a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público valorou moi positivamente e que cuantificou, á saída da manifestación de Compostela, en preto do 90%.

«As aulas quedaron baleiras»

asegurou o seu portavoz, Anxo Louzao, quen considerou que «esta ten que ser a acta definitiva de defunción da LOMCE, das reválidas e dos recortes que desde 2010 leva sufrido o ensino público en Galiza».

FOLGA  
CONTRA A  
LOMCE





14/03/2017

## Desenmascaramos engano do pacto pola educación desde o propio parlamento

Rexeitou a pretensión do PP de facer máis presentábel a LOMCE sen cambiar os seus fundamentos

O secretario nacional da CIG-ENSINO e membro do Consello Escolar do Estado, Anxo Louzao, compareceu esta mañá na «Subcomisión para a Elaboración dun gran Pacto de Estado Social e Político pola Educación», no Congreso dos Deputados. Na súa intervención defendeu «unha transformación radical do sistema educativo, a modificación da Constitución e a supresión dos concertos educativos» e avogou por unha educación «pública e universal de 0 a 18 anos, inclusiva e equitativa, totalmente laica, coeducativa e non sexista, gratuíta e democrática e que garanta unha real igualdade de oportunidades».

28/03/2017

## Comezamos outra loita pola igualdade do persoal funcionario interino ou substituto. O cómputo das vacacións cotizadas para a antigüidade

Malia as declaracións recentes dos responsábeis da Consellaría na Mesa Sectorial, a Xunta non só non estende de oficio este dereito a todo o profesorado interino, senón que desestima as reclamacións en vía administrativa e presenta recursos.

A CIG-ENSINO vén de gañar unha nova sentenza, neste caso no Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, pola que se recoñece o dereito a unha docente interina con contratos



de substitución a que se lle compute o tempo de vacacións cobradas e cotizadas mais non gozadas para os efectos de antigüidade, tanto para trienios como sexenios,. A sentenza conclúe, tal e como aseguraba a CIG-ENSINO, que a decisión da Consellaría de Educación de non computarlle ese períodos vacacionais supón un claro suposto de discriminación, xa que esas vacacións nacen como consecuencia do desempeño dun traballo por un tempo determinado e que, por tanto, debe computarse para todos os efectos, tamén os retributivos. A sentenza condena a Consellaría a aboar os trienios e sexenios correspondentes, o que na práctica implica adiantar a data de cumprimento da antigüidade no número total de días de vacacións non gozadas. Así mesmo, a sentenza imponlle á Xunta os xuros legais correspondentes así como as custas xudiciais.

30/03/2017

## Denunciamos acordos que dan por finalizada a loita pola recuperación dos dereitos do funcionariado

Cre «impresentábel» que cc.oo, UGT e CSIF renuncien a recuperar efectivos, dereitos e salarios

CIG-ADMINISTRACIÓN, CIG-ENSINO e CIG-SAÚDE rexeitaron, en rolda de prensa, o acordo asinado este mércores, antes mesmo da celebración da Mesa Xeral das Administracións Públicas, por cc.oo,UGT e CSIF. Denuncian que «é unha renuncia a recuperar todo o emprego público perdido durante todos estes anos» e que non contempla tampouco a recuperación nin dos dereitos laborais suprimidos, nin das condicións salariais recortadas. Lonxe disto, denuncian que se lle dá un aval ao Partido Popular para que utilice ao persoal das administracións públicas como arma para que se lle aproben os orzamentos de 2017.

19/04/2017

## Seguimos loitando, esta vez xudicialmente, contra o financiamento do ensino privado

CIG-ENSINO denuncia que mentres a pública reclama a dotación necesaria Educación blinda a privada

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza admitiu a trámite o recurso contencioso-administrativo presentado pola CIG-ENSINO contra a orde da Consellaría de Educación pola que se compromete 1.550 millóns de



euros para os centros privados. Esta orde amplía o tempo para a concesión establecido na LOMCE e blinda os concertos con estes centros até o curso 2022/23 destinándolles, cada ano, 258 millóns que detrae do ensino público.

**11/05/2017**

### **Novo boicot ás reválidas**

Lembrou que o boicot nos cursos anteriores fora un éxito, xa que máis do 80% das familias non enviaron aos seus fillos e fillas aos centros

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público (PGDEP) fixo esta mañá, en rolda de prensa, un chamamento ás familias para que non envíen ao alumnado de 3 e 6º de Primaria e o de 4º da ESO a realizar as probas de reválida previstas para finais deste mes. «Nada aportan ao sistema educativo, crean unha tensión innecesaria ao alumnado e nin sequera se terán en consideración para mellorar a calidade do ensino e dotar os centros de profesorado».

**22/05/2017**

### **Visibilizamos o boicot ás reválidas**

Mañá martes 23 de maio ás 11:15 diante da Consellaría de Educación

Coincidindo co inicio das probas xerais de 6º de Primaria e de 4º da ESO, a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público convoca a todos os medios de

comunicación a un acto simbólico que realizará mañá martes 23 de maio ás 11:15 horas, diante da Consellaría de Educación, en Santiago. Neste acto someterase ao conselleiro de Educación á realización da reválida.

**13/06/2017**

### **Denunciamos a sinatura de acordos que non traen ningunha mellora**

O profesorado que durante o curso escolar traballou máis de 5 meses e medio seguirá sen cobrar os meses de verán

A CIG-ENSINO non asinou a modificación da addenda que regula o acceso e as condicións de traballo do persoal interino e substituto esta mañá coa Consellaría de Educación porque non supón ningunha mellora laboral para este colectivo de profesorado.

A CIG-ENSINO non está disposta a avalar ningún acordo que non inclúa a recuperación dos dereitos perdidos nos últimos anos ni ningún avance para a estabilidade do colectivo.

*Profesorado valorado nunha educación pública e galega*

**14/06/2017**

### **Convocada a Permanente do Consello Galego de FP para tratar a oferta do próximo curso**

A reunión está prevista para o 20 de xuño

Consulta no interior da nova a documentación. Irase publicando a medida que sexa recibida.

**16/06/2017**

### **Renovámonos baixo o lema «Profesorado valorado nunha educación pública e galega»**

Secretaría nacional, Executiva federal e candidatura ao Consello foron referendadas por unanimidade no congreso que se celebrou baixo o lema «Profesorado valorado nunha educación pública e galega»

Xesús Bermello foi elixido este sábado novo secretario nacional da CIG-ENSINO no seu VII Congreso, en substitución do histórico Anxo Louzao, por 144 votos, sen que se producira ningún voto nulo nin abstencións.





que suprimen fronte aos 17 ciclos que se crean.

26/06/2017

### **A CIG-ENSINO esixe o desenvolvemento da Lei pola igualdade e non discriminación de persoas LGBTI no ensino público**

Na mañá de hoxe remitiuse escrito ao Conselleiro esixindo o seu desenvolvemento

O sindicato constata que, tres anos despois de aprobada a Lei, o goberno non fixo nada para divulgar a realidade LGBTI e loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. Podedes ver no interior da nova o escrito remitido ao Conselleiro.

27/06/2017

### **A CIG-ENSINO esixe que se poña fin aos abusos de autoridade por parte dalgúns inspectores e inspectoras**

Na provincia de Pontevedra, na que se acumulan máis abusos, xa existe unha resolución da Xunta de Persoal aprobada por unanimidade a instancias da CIG-ENSINO

22/06/2017

### **Outro verán con recortes**

A Consellaría de Educación comunica na véspera do remate do curso escolar o peche de dous centros educativos na provincia da Coruña e a eliminación da ESO nun centro de Ribadavia

A CIG-ENSINO denuncia que, «con absoluto escurantismo e ocultación de información ao profesorado afectado e ás familias dos centros», a Consellaría de Educación vén de impor o peche de dous centros na provincia da Coruña: o CEIP Emilio Navasqués en Cruceiro de Ro, Outes, e o CPI Monte Caxado de As Pontes. Ao tempo, elimina a oferta educativa da ESO no CPI Tomás de Lemos de Ribadavia e suprime dez postos docentes no IES de Celanova. Tamén impón o traslado das ensinanzas da ESO do CPI da Ribeira no Porriño. Unha comunicación que fixo na véspera do remate do curso escolar.

23/06/2017

### **Denunciamos a escasa oferta de FP no Ensino Público**

Remarca o inmovilismo da Xunta coas demandas propostas para fomentar a FP e denuncia que se limite a oferta en centros públicos mentres se potencia nos centros privados

A Xunta de Galiza presentou na comisión permanente do Consello Galego de Formación Profesional a proposta de oferta de formación profesional para o vindeiro curso académico. Do documento presentado cabe destacar a perda de ciclos formativos co que nos chegou este ano a Consellaría, xa que, unha vez desbotados os Ciclos Básicos de Formación profesional, o cómputo de ciclos nas súas diferentes modalidades (Presencial Ordinaria e de adultos e semipresencial e a distancia) desmonta a propagandística oferta da consellería, pois son 21 ciclos os





## NON MÁIS ABUSOS DA INSPECCIÓN EDUCATIVA

A **CIG-ENSINO** esixe da Consellaría de Educación que traslade a todas as Xefaturas territoriais instrucións claras e contundentes para erradicar os abusos de autoridade de determinados inspectores e inspectoras e que aplique o Réxime disciplinario se corresponder.

28/06/2017

### O MECD presenta na Mesa Sectorial do Estado un inicio de negociacións sobre o ingreso na función pública docente baleira de contidos

A aplicación dun mal acordo a unha realidade complexa

Na Mesa Sectorial estatal do 28 de xuño os máximos responsábeis do MECD presentáronnos ás organizacións sindicais con representación nela unha liñas básicas das futuras ofertas de emprego que non responden ás necesidades

de estabilidade do persoal e de mellora de calidade do ensino público

30/06/2017

### Non cobramos o 100% da paga extra

Desde a **CIG-ENSINO**

esiximos que se subsanen os erros detectados nos pagos da extra de xuño ao funcionariado en prácticas

En contra do que afirma algún medio de comunicación e mesmo a propia Xunta, non é certo que esteamos recuperando a paga extra íntegra xa que hai unha parte dependente do Estado (soldo, trienios) que aínda seguimos tendo recortada na paga extra.

04/07/2017

### Seguen os recortes da Consellaría

Publica o Decreto que impón o peche do CEIP Emilio Navasqüés e o traslado de ensinanzas de varios CPI sen atender as demandas de familias, profesorado e concellos

O Decreto publicado hoxe martes 4 de xullo no DOG, implica o peche do CEIP Emilio Navasqüés de Cruceiro de Roo en Outes,

obrigando ao alumnado deste centro a desprazarse ao outro colexio do concello de Outes. Supón tamén a desaparición do CPI Monte Caxado como tal, coa integración do alumnado da ESO no IES

Moncho Valcarcel e do de infantil e primaria no CEIP A Magdalena. E finalmente leva a supresión da oferta educativa da ESO en dous centros, no CPI de Ribadavia e no CPI da Ribeira no Porriño.

05/07/2017

### Outra sentenza que nos dá a razón nun enchufe da Consellaría

Pola vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade e de liberdade ideolóxica no sistema de acceso

É inconcibíbel que no século XXI o Ministerio de Defensa continuara da man da igrexa católica pretendendo saltar as normas que rexen para toda a cidadanía, e esixindo requisitos de idoneidade da igrexa católica para impartir aulas nun centro pagado con diñeiro público

26/07/2017

### A Consellaría segue cos peches outro verán

A Consellaría pecha 6 unitarias e suprime 100 postos de traballo que se engaden aos 31 provocados polos recentes peches e traslados de ensinanzas

A Consellaría segue adiante coa política de desmantelamento do ensino público, antepoñendo os criterios economicistas á calidade da educación. Un desmantelamento que incide especialmente na atención ás necesidade educativas específicas e que vai redundar na masificación das aulas debido ao incremento das

Non cobramos o 100% da paga extra





da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<https://www.eduxunta.es/substitutoslistas/>) aparecen prazas de substitucións que pouco despois desaparecen sen ser adxudicadas publicamente.

11/09/2017

## Denunciamos a provisionalidade

Concentración da

**CIG-ENSINO** contra os efectos dos recortes e as adxudicacións de destino neste comezo de curso

Este mércores 13 ás 11 horas o sindicato maioritario no ensino público galego convoca unha concentración diante da Consellaría de Educación para amosar o rexeitamento dos recortes no profesorado galego e o aumento da inestabilidade laboral así como o empeoramento das condicións de traballo do profesorado galego.

13/09/2017

## Comeza o curso cun aumento na provisionalidade

Delegados/as da **CIG-ENSINO** concentráronse diante da consellaría de Educación para denunciar os recortes no ensino público

rateos e a imposibilidade de realizar desdobres, así como á redución de oferta de aulas e de profesorado no medio rural, provocando que se agrupe a un maior número de alumnado de diferentes niveis e mesmo etapas educativas.

09/08/2017

## A Consellaría de Educación aproveita o mes de agosto para seguir afondando na LOMCE

Publica en período vacacional do profesorado as instrucións para o desenvolvemento do curso académico 2017/18

A Consellaría volve deixar clara a nula defensa que fai da nosa lingua, pois nin sequera aproveita estas instrucións para dar solución a situación de «exclusión» e «eliminación» que o galego sofre no ensino dadas as modificacións introducidas na carga lectiva de diferentes materias da ESO. O alumnado de ESO terá 31 horas en español fronte a 18 en galego, se cursa ensinanzas aplicadas, e 21 se cursa ensinanzas académicas.

21/08/2017

## Denunciamos o apoio da Consellaría aos centros que segregan por sexo

A Consellaría de Educación segue a aplicar a LOMCE en toda a súa crueza contra o Ensino Público Galego

Hoxe 21 de agosto, como en anos anteriores en pleno período vacacional coa intención de que pase desapercibida para a sociedade galega, o DOG publica a Orde do 10 de agosto de 2017 pola que se aproban os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, e de formación profesional.

07/09/2017

## Estamos vixilantes ás listas da Consellaría

Prazas que desaparecen das listaxes sen ser adxudicadas publicamente

Desde a **CIG-ENSINO** denunciamos que durante esta semana na aplicación do profesorado interino e substituto do Corpo de Mestres

*Denunciamos o apoio da Consellaría aos centros que segregan por sexo*



Delegados e delegadas da **CIG-ENSINO** concentráronse esta mañá diante da consellaría de Educación para denunciar que o curso escolar comezou cun aumento da provisionalidade, con máis profesorado interino e con menos profesorado funcionario de carreira. Así o afirmou o secretario nacional, Suso Bermello, quen denunciou tamén o incremento do profesorado que ten que impartir materias que non son da súa especialidade.

**21/09/2017**

### **A CIG non asinará acordos sobre condicións laborais do persoal público que non supoñan recuperar dereitos**

O Goberno español adiou a Mesa de Negociación das Administracións Públicas até a próxima semana

A Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, convocada este xoves para aprobar as cuestións relativas a condicións laborais e salariais dos empregados/as públicos/as -para a súa inclusión nos Orzamentos Xerais do Estado de 2018-, quedou adiada para a semana que vén malia o Goberno do PP ter avanzados acordos con CC.OO, UGT e CSIF á marxe do organismo. Dende a **CIG** xa adelantaron que non asinarán ningunha proposta que



*A CIG non asinará acordos sobre condicións laborais do persoal público que non supoñan recuperar dereitos*

non contemple a recuperación dos dereitos que lle foron arrebatados ao funcionariado dende 2010.

**27/09/2017**

### **A CIG-ENSINO pon de manifesto que os centros educativos están notando os recortes de profesorado e de medios neste inicio de curso**

O Consello Federal do sindicato reuniuse esta mañá en Compostela para pór enriba da mesa todos os problemas que lles están a trasladar desde os centros educativos neste inicio de curso e que desembocan,

moitos deles, na dificultade para fixar os horarios

O Consello Federal da **CIG-ENSINO** avaliou esta mañá os principais problemas aos que se enfronta o colectivo

docente no arranque de curso, entre os que destacan o incumprimento de ratios, a ausencia de docentes especialistas e o incremento de materias afíns, a sobrecarga de traballos burocráticos en detrimento do labor docente, problemas coas itinerancias entre centros e co transporte escolar combinado...

**06/10/2017**

### **Defendemos a nosa lingua**

Na última reunión do Consello Xeral de MUFACE o sindicato nacionalista volveu insistir en que a sede electrónica da entidade segue unicamente en castelán, o que supón un desprezo para as linguas oficiais como o galego

Os representantes deste organismo comprometéronse a que tanto a sede electrónica

como a nova web estean en galego dentro dun par de meses. Tamén avanzaron que a partir de 2018 haberá dous prazos para poder cambiar de entidade médica e que seguen traballando na aplicación da receita electrónica. Desde a **CIG-ENSINO** puxéronse enriba da mesa algunhas deficiencias observadas na prestación sanitaria ao abeiro deste sistema, nomeadamente casos de incumprimentos das obrigas asistenciais por parte dalgunhas entidades médicas que MUFACE se comprometeu a vixiar e mesmo incluso a sancionar.

**08/10/2017**

### **Loitamos pola liberdade de cátedra**

Solidarizámonos co compañeiro do IES Pino Manso do Porriño, denunciámos a inxerencia da Garda Civil e esiximos que a Consellaría respalde a actuación do profesor

Nin aceptamos como sindicato maioritario o control por parte dos poderes políticos e económicos da nosa liberdade de cátedra nin permitiremos que se queira amedrentar o profesorado. Animamos a todo o profesorado galego a seguir educando en liberdade e a facer fronte e denunciar calquera actuación que pretenda coartar a nosa liberdade de cátedra, veña de onde veña, sempre contarán co apoio da **CIG-ENSINO**.

**19/10/2017**

### **A CIG-ÁREA PÚBLICA rexeita o «Acordo de Estabilidade» porque mantén a taxa de reposición e non recupera emprego público**

Os orzamentos da Xunta 2018 manteñen os recortes e a precariedade na administración pública galega

A Área Pública da CIG asistía esta mañá á Mesa Xeral de Función Pública na que o PP presentou un Proxecto de Orzamentos para 2018 no relativo a emprego público idéntico ao de 2017 que a central sindical rexeitou porque afonda na destrución de emprego e no desmantelamento e privatización dos servizos públicos. Xunto a isto anunciou o seu rexeitamento ao chamado «Acordo de Estabilidade», porque mantén a taxa de reposición e tampouco permite que se recupere o emprego público destruído. Un documento que, porén, será previsibelmente asinado por CC.OO, UGT, CSIF e sindicatos sectoriais.

25/10/2017

### **A Consellaría si ten cartos para o Ensino Privado**

*A través de axudas das que carecen os centros públicos*

No DOG do 25 de outubro vén de publicarse a orde de 9 de outubro de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2017/18.

27/10/2017

### **Levamos a voz do persoal interino a Madrid**

*A proposta non colma as demandas do colectivo de profesorado interino*

Na Mesa Sectorial do 26 de outubro en Madrid, a representación do MECD fixo entrega dun borrador de Real Decreto para modificar transitoriamente a actual norma que rexe as oposicións para

*Levamos a voz do persoal interino a Madrid*



os corpos docentes. Tamén achegarán en menos de dúas semanas os borradores dos novos temarios, aínda que estes non entrarían en vigor até o ano 2019.

03/11/2017

### **Conseguimos mediante negociación a creación de prazas de Orientación en Primaria**

*Negociación coa Consellaría logo da proposta da CIG-ENSINO na Mesa Sectorial do 24 de outubro*

Desde a CIG-ENSINO puxémonos en contacto con todos os centros afectados para facer unha proposta seria e realista, algo que logramos grazas a colaboración das direccións e o profesorado dos centros. A nova inclúe tres modificacións a posterior da mesa de negociación, CEIP de Viñas, CEIP de Cespón e CEIP de Pobra de Brollón.

07/11/2017

### **Non aceptamos acordos inaceptábeis para o persoal interino**

*Na Mesa Sectorial do Estado de hoxe, 7 de novembro, o Ministerio amosou unha nula vontade de negociación e só adiantou lixeiras modificacións sobre o texto inicial*

Todo mal comezo acaba case sempre mal. Un acordo das organizacións estatais con representación na Mesa Xeral de Administracións Públicas co goberno do PP para reducir a temporalidade no emprego público, sen ningún tipo de garantías no seu desenvolvemento, afronta agora a realidade dun goberno que, apoiándose nese acordo, prefire facer ouvidos xordos ás propostas sindicais, ás da oposición e ás da maioría das CC.AA.

09/11/2017

### **Seguimos a loitar contra a LOMCE**

*O portavoz da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público e secretario nacional da CIG-ENSINO, Suso Bermello, referiuse así á parálise da LOMCE que está a aplicarse «pola porta de atrás» e sen que se debata a súa derogación*

Por este motivo e pola defensa dunha Lei Galega de Educación, a Plataforma Galega apoia a convocatoria de folga xeral estudantil no ensino secundario e nas Universidades galegas do vindeiro 16 de novembro, ao entender que responde á necesidade de facer fronte á involución que a LOMCE e os recortes educativos supuxeron

e seguen a supoñer na actualidade.

13/11/2017

### **Despois dunha demanda da CIG-ENSINO, a Consellaría incorpora 23 novos centros ao catálogo de especial dificultade**

A modificación da orde responde á demanda da CIG-ENSINO de revisar o anexo entregado na Mesa Sectorial

A Consellaría de Educación tamén incorpora no texto da orde que en breve se publicará no DOG a solicitude da CIG-ENSINO de que a puntuación polo apartado 1.1.3 no Concurso de Traslados se faga efectiva desde que os centros cumpren o requisito da especial dificultade e non desde o 1 de setembro como inicialmente prevía a Consellaría.

23/11/2017

### **Proposta de sistema selectivo inaceptábel**

Unha falsa negociación que roza o esperpento

A cuarta Mesa Sectorial do Estado celebrada para tratar as consecuencias dun acordo de redución de temporalidade na función pública asinado por tres sindicatos estatais e o goberno do PP seguiu a pauta das anteriores: non se proporcionou ás organizacións sindicais ningún tipo de texto previo á reunión, no que é unha mostra de como entende o PP unha suposta negociación, na que as regras do xogo veñen marcadas polo propio Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), cómodo nunha situación na que, partindo dun acordo que lle deixa as mans libres, impón o seu criterio con lixeiros acenos cara quen lle deu o respaldo sindical.

27/11/2017

### **Os orzamentos do 2018 consolidan os recortes tanto de recursos materiais como de persoal docente**

A CIG-ENSINO denuncia o papel secundario que ten este departamento no conxunto da Xunta. Malia a súa importancia estratéxica e a contar co maior volume de recursos humanos, os gastos en persoal soben máis no cómputo global da Xunta que en Educación

O secretario nacional da CIG-ENSINO desmente, así mesmo, que as oposicións que se van convocar os próximos anos supoñan un incremento real do número de docentes, que permanece estancando en 30.000, e critica que

este proceso se traduza nunha mera redución do emprego temporal e non nun plan de estabilidade do profesorado interino.

O maior incremento de partidas destinadas ao ensino concertado en detrimento do público e o apoio irrisorio á promoción do galego «retratan claramente cal é a política privatizadora, elitista e centralista» de Feijóo a respecto da educación en Galiza.

30/11/2017

### **O MECD pecha unhas negociacións do acceso aos corpos docentes atadas desde o principio por un mal acordo de redución de temporalidade**

A CIG-ENSINO demanda ao MECD e ao resto de sindicatos da Mesa de Madrid a anulación do Acordo de marzo de 2017 que deu lugar á situación actual e a eliminación permanente e definitiva da taxa de reposición no ensino público

Finalmente confirmouse o que desde a CIG-ENSINO viñemos denunciando desde a primeira reunión da actual fase de negociación do acceso á función pública docente para os próximos anos. O MECD deu por definitiva a redacción do texto de modificación do RD 276/2007 entregada na anterior reunión, logo da reunión mantida coas CC.AA. na Comisión Sectorial de Educación.

18/12/2017

### **Demandamos a mellora dos recoñecementos médicos**

Na reunión do Comité Intercentros de Saúde Laboral, a central sindical denunciou que a vixilancia da saúde non pode ocasionarlles custes económicas nin de tempo aos traballadores e traballadoras do ensino público galego

Tamén lle exixiu á administración que elabore un catálogo coas enfermidades profesionais que lle afectan a este colectivo que, até agora, unicamente ten recoñecida a afectación das cordas vocais.

22/12/2017

### **Seguimos coas pagas extra recortadas**

A CIG-ENSINO denuncia que o profesorado galego continúa por oitavo ano consecutivo coas pagas extras recortadas

Desde a implantación dos recortes retributivos no ano 2010, o profesorado de Galiza deixou de percibir as pagas extras íntegras. Os recortes viñeron tanto do Goberno Central como da Xunta de Galiza. A parte da nosa nómina que depende da normativa estatal é a dos conceptos de soldo, complemento de destino e trienios mentres que a Xunta ten

*Proposta de sistema selectivo inaceptábel*



plena competencia para regular o complemento específico, no cal se inclúe o que nas nóminas aparece expresamente como específico xunto con outros conceptos como sexenios, titoría e outros cargos docentes, no caso de telos (departamento, cargos directivos, etc...).

09/01/2018

## Suba insignificante do 0,25% das pensións para este ano

A CIG-ENSINO cualifica de «ridícula» a suba da contía das xubilacións do profesorado que, de media, rolda os 5 euros ao mes, moi lonxe da suba do IPC que finalmente acadou o 1,2% ao longo de 2017

O sindicato alerta ademais de que a partir de 2019 o escenario pode ser de baixada efectiva progresiva ao introducir no cálculo anual a variábel da esperanza de vida. Aínda que polo de agora esta medida non se prevé para as Clases Pasivas, a Lei do PP xa o recolle para o resto de persoas xubiladas pertencentes á Seguridade Social.

24/01/2018

**Profesorado con Dereitos Delegados e delegadas da central nacionalista reuníronse esta mañá en Compostela para dar o sinal de saída da campaña de recollida de sinaturas coa que se pretende axitar o colectivo docente, que está farto dos recortes dos últimos anos**



Suba insignificante das pensións

No encontro tamén se destacou o traballo feito recentemente para reclamar o aumento de vacantes nos Concursos de Traslados de Primaria e de Secundaria co obxectivo marcado de que todo o profesorado en expectativa actualmente (máis dun milleiro) poida obter o seu primeiro destino definitivo e de mellorar a calidade do ensino a través de claustros estábeis.

15/02/2018

## Desmontando as cifras da «grande» oferta de emprego no ensino público

A CIG-ENSINO denuncia que as cifras presentadas pola Consellaría na Mesa Sectorial están feitas a medida da propaganda do Partido Popular e poñen en risco centos de postos de traballo de persoal interino

A Consellaría de Educación demostrou, unha vez máis, como impón unilateralmente os criterios e as condicións das especialidades e das prazas que se ofertan para os procesos selectivos do ensino público galego. Desde a CIG-ENSINO somos críticos cunha OPE que dá por bos os recortes destes últimos anos e limita calquera oferta de prazas aos actuais cadros de persoal, negando a posibilidade de irmos máis aló e recuperar o profesorado co que contabamos no comezo da crise.

15/02/2018

## Seguimos, como todos os anos, animándovos a celebrar o que xa é un día do calendario dos centros educativos, o Día de Rosalía, agora só falta que a Consellaría o oficialice

24 de febreiro. Día de Rosalía



Un ano máis o sindicato demanda que o 24 de febreiro sexa declarado como conmemoración escolar para recoñecer e difundir a Rosalía e con ela a nosa lingua e literatura.

21/02/2018

## Conseguimos que afloren máis de 200 prazas no CADP

O número de prazas segue sendo insuficiente para rematar coa grande provisionalidade do profesorado galego

Desde a CIG-ENSINO congratulámonos de que tivese resultado o traballo desenvolvido en colaboración cos centros galegos de cara a descubrir todas as prazas que ano tras ano a Consellaría saca de forma provisional no Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais, no lugar de sacalas de forma definitiva para o Concurso Xeral de Traslados. Porén estes resultados non son todo o bos que desexabamos.

08/03/2018

## Masiva participación das docentes galegas no 8M

Se as mulleres paramos o ensino para

As docentes galegas secundaron no día de hoxe a folga de mulleres cunha participación media superior ao 70%. Estes datos, provisionais e froito do estudo



feito pola CIG-ENSINO nos momentos previos ao paro das 12 horas, poderían ser mesmo superiores e demostran que a folga de mulleres está a ser un éxito total.

*Masiva participación das docentes galegas no 8M*

13/03/2018

**A CIG-ENSINO nunca asinará acordos que limiten a recuperación do roubado**

Un acordo pactado, como vén sendo habitual, fóra das mesas de negociación

Recuperar o que nos foi recortado nos últimos 8 anos levaríanos 28 anos de se manteren os criterios que desvincula os

salarios do persoal das administracións públicas do IPC.

18/04/2018

**Preto de 12.000 docentes do ensino público galego apoiaron a campaña de recuperación de dereitos para este colectivo**

Durante este segundo trimestre a CIG-ENSINO visitou os 1.200 centros que hai en Galiza para recoller un total de 11.915 sinaturas

As sinaturas en apoio ás dez medidas urxentes que servirían para mellorar a situación laboral do profesorado, xunto

cun escrito solicitándolle unha entrevista, foron entregadas esta mañá na sede central da Xunta de Galiza dirixidas ao conselleiro de Cultura e Educación.

26/04/2018

**Levamos a vosa reclamación de Profesorado con Dereitos ao Parlamento Galego**

Representantes da CIG-ENSINO, encabezados polo seu secretario nacional, Suso Bermello, mantiveron unha reunión cos responsábeis de Educación dos catro grupos parlamentarios para trasladarlles as principais reivindicacións do profesorado do ensino público

Tras percorrer os 1.200 centros de ensino que hai en Galiza e recoller preto de 12.000 sinaturas de apoio ao decálogo de medidas urxentes para a restitución dos dereitos perdidos nos últimos anos polo profesorado galego, a CIG-ENSINO mantivo reunións cos responsábeis de Educación dos catro grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galiza.

30/04/2018

**Logramos sentenza do TSXG que reconece o cómputo dos servizos prestados nas vacacións non gozadas polo persoal docente**

O profesorado que foi substituído con tempo de vacacións non gozadas segue obrigado a recorrer á xustiza fronte aos incumprimentos da Consellaría

*Cómputo dos servizos prestados nas vacacións non gozadas polo persoal docente*

Os servizos xurídicos da CIG-ENSINO veñen de gañar novamente no TSXG unha



sentenza que obriga a Consellaría de Educación a computar como tempo traballado os períodos de vacacións non gozadas do persoal interino con contratos de substitución. Neste caso, a sentenza recoñécelle a unha docente o dereito a que se lle contabilicen nos servizos prestados 20 días de vacacións polos diferentes contratos que tivo durante o curso 1989/90.

02/05/2018

### **Logramos que se recoñeza a non responsabilidade dos equipos directivos na recepción de alimentos nos comedores escolares**

O alto tribunal galego critica que a Consellaría obrigase a dirección dun colexio a efectuar esas funcións para se aforrar custes superiores no persoal de cociña

Desde a **CIG-ENSINO** demandamos que a Consellaría proceda a dar instrucións precisas a todos os centros para evitar novas «desviacións da potestade de organización» por parte dos responsábeis políticos territoriais, modificando se é preciso a normativa actual cos criterios fixados nesta sentenza.

07/05/2018

### **Seguimos loitando contra as reválidas e a LOMCE, e farémolo até a súa derogación**

Animan a dar continuidade ao éxito do boicot de cursos anteriores e a non baixar a garda na loita contra a LOMCE e o control político neoliberal da educación

Representantes da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público (PGDEP) presentaron en rolda de prensa a campaña de boicot contra as denominadas oficialmente como avaliacións individuais e finais impostas



unilateralmente polo Partido Popular na LOMCE.

14/05/2018

### **Seguimos na loita por unha conciliación real**

O sindicato vén de remitirlle un escrito ao director xeral de Función Pública para solicitarlle que se adapte o tempo de disfrute dos permisos retribuídos a unha recente sentenza do Tribunal Supremo

No auto establécese que, no marco dun determinado convenio colectivo, o día inicial para o goce dos permisos, cando o feito causante se produza en día feriado, debe ser o primeiro día laborábel seguinte.

14/05/2018

### **A Consellaría de Educación vén de convocar unha Mesa Sectorial para o mércores 16 de maio para negociar a homologación retributiva do profesorado galego**

A **CIG-ENSINO** felicítase da apertura dunha negociación retributiva que desde hai anos vimos demandando

Unha demanda que xa formou parte da Iniciativa Lexislativa

Popular que a **CIG-ENSINO** levou ao Parlamento Galego na primavera de 2015 e que; de novo; estivo presente nas medidas urxentes que case 12.000 docentes veñen de apoiar coa súa sinatura.

15/05/2018

### **Unidade Didáctica sobre María Victoria Moreno**

Baixo o título «María Vitoria Moreno. Unha escritora pioneira na literatura infantil e xuvenil galega»; este material pretende aproveitar a obra da homenexada este ano para traballar sobre a discriminación que sofren o galego e as mulleres

16/05/2018

### **Involucrémonos na defensa da lingua non só no ensino**

Reivindicamos o dereito a vivirmos en galego día a día

Mañá, 17 de maio, a manifestación de Queremos Galego será un acto festivo e reivindicativo a favor da lingua galega. Participarán centos de colectivos e entidades de ámbitos moi diversos que teñen en común a defensa da nosa lingua porque o galego é o elemento que nos une.

16/05/2018

## Esiximos que o «.gal» sexa unha aposta real da Consellaría

Tanto o correo corporativo como todas as aplicacións propias da administración electrónica do persoal docente seguen en «.es»

Tanto o correo corporativo como todas as aplicacións propias da administración electrónica do persoal docente seguen en «.es»;»En decembro de 2014 a Asociación PuntoGAL conseguía pór a funcionar o dominio «.gal» co que nese momento chamaron pioneiros, entre eles, a Confederación Intersindical Galega e a Xunta de Galiza.

16/05/2018

## A CIG-ENSINO defende unha negociación global de mellora de condicións laborais e retributivas

Como así o demandan os 12.000 docentes que apoiaron a campaña de recuperación de dereitos

A CIG-ENSINO censurou que a Consellaría queira limitar a negociación que hoxe se abriu na Mesa Sectorial só á equiparación retributiva do profesorado galego co do resto do Estado e lembrou que o profesorado reclama que lle sexan restituídos os dereitos roubados nos últimos anos e que se melloren as nosas condicións de traballo.

18/05/2018

## Mobilizámonos na defensa da lingua

O galego apenas conta co 33% de presenza horaria no ensino obrigatorio fronte ao 75% da que goza o catalán, aínda nestes intreos con sentenzas contrarias ao seu fomento



A marcha, que transcorreu con ambiente festivo e reivindicativo, estivo pragada de referencias á dificultade para poder desenvolver a vida cotiá en galego: prohibición de impartir en galego as materias científicas, atención telefónica ou comercial nas empresas, tramitacións administrativas...

18/05/2018

## Concentrámonos contra as reválidas e promovemos de novo o seu boicot

Coincidindo co inicio destas probas externas o día 23 de maio en 3º de Primaria, a Plataforma concentrarase baixo o lema «Tirar abaixo a LOMCE. Boicotear as reválidas» e anima as familias a non enviar o alumnado eses días ao centro ou a negarse a facelas

En anos anteriores este boicot foi seguido polo 80% da comunidade educativa. Desde a CIG-ENSINO, como integrante desta Plataforma, «consideramos moi importante manter o nivel de rexeitamento a unha lei educativa que supedita os intereses do ensino público ao neoliberalismo económico, tamén a través destas probas avaliadoras».

22/05/2018

## A CIG-ENSINO cualifica de «insulto á intelixencia» a proposta de suba de 50 euros mensuais até 2021 presentada pola Consellaría de Educación

Confírmase que a negociación está viciada desde o comezo polos criterios impostos pola administración coa conivencia das outras organizacións sindicais

A CIG incidiu na necesidade de incorporar un compromiso por escrito de calendario de negociación de mellora das condicións do traballo docente; un fondo de compensación que permita recuperar as pagas extras recortadas entre 2013 e 2016 e unha suba salarial que non sexa inferior aos 150 euros pactados por todos os sindicatos e a administración no último acordo de 2006.

23/05/2018

## Éxito no boicot ás reválidas en 3º de primaria

Representantes da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público (PGEDEP) concentráronse esta mañá no Parlamento de Galiza coincidindo co

inicio das probas en 3º de Primaria previstas para hoxe e mañá en todos os centros do país

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público de Galiza (PGEDEP) parabeniza as familias que fixeron un esforzo de conciliación e non enviaron masivamente hoxe aos centros ao alumnado. Así mesmo, tamén agradece o apoio do profesorado e dos equipos directivos durante este boicot informando a comunidade educativa fronte á

A CIG-ENSINO defende unha negociación global de mellora de condicións laborais e retributivas

Concentrámonos contra as reválidas e promovemos de novo o seu boicot

campana de desmobilización da Consellaría de Educación.

24/05/2018

### **Confirmado o primeiro pinchazo da propaganda da Consellaría na oferta de prazas nas oposicións docentes**

A CIG-ENSINO denunciou; cando se negociou na Mesa Sectorial a oferta de emprego deste ano; que a Consellaría inflaba descaradamente as cifras das prazas ofertadas

As listaxes provisórias de aspirantes admitidos e excluídos confirma a farsa da propaganda do PP ao pasar das 2.050 prazas anunciadas inicialmente a un máximo de 1.853.

29/05/2018

### **Éxito no boicot ás reválidas en 6º de primaria e 4º da ESO**

Máis dun 80% en 6º de Primaria e un 96% en 4º da ESO secundan a protesta convocada pola Plataforma Galega

A resposta ten maior relevancia dada a decisión da Consellaría de estender a un 130% mais de centros a proba nestes cursos, deturpando o suposto carácter mostral da probas que a propia Consellaría vende.

29/05/2018

### **Novo capítulo na fraude das negociacións salariais coa Consellaría**

A CIG-ENSINO mantivo a súa posición de vincular unha suba salarial lineal de 150 euros mensuais á negociación inmediata das condicións de traballo docentes e á recuperación das pagas extras detraídas entre 2013 e 2016

A Consellaría ofertou unha suba de 65 euros a tres anos vista até

2021 e chegou a falar de «falta de vontade negociadora e de imposición» cando é ela a que impón os criterios que están enriba da mesa.

31/05/2018

### **Denunciamos o desleixo da Consellaría coas EOI's**

A CIG-ENSINO denuncia que o profesorado nomeado pola Consellaría de Educación como reforzo para as probas de niveis das EOI's é totalmente insuficiente

Como cada ano por estas datas a Consellaría ten que dotar as EOI's de profesorado para realizar as probas de niveis. Exames libres que serven para acadar os títulos oficiais de idiomas nas Escolas sen ter que acudir a clase. Tal e como ocorreu nos últimos anos, nesta ocasión os nomeamentos que fan son totalmente insuficientes e arbitrarios.

31/05/2018

### **A Consellaría non dota do profesorado necesario as Escolas Oficiais de Idiomas**

A CIG-ENSINO denuncia que o profesorado nomeado pola Consellaría de Educación como reforzo para as probas de niveis das EOI's é totalmente insuficiente

A Consellaría non dota do profesorado necesario as Escolas Oficiais de Idiomas

Como cada ano por estas datas a Consellaría ten que dotar as EOI's de profesorado para realizar as probas de niveis. Exames libres que serven para acadar os títulos oficiais de idiomas nas Escolas sen ter que acudir a clase. Tal e como ocorreu nos últimos anos; nesta ocasión os nomeamentos que fan son totalmente insuficientes e arbitrarios.

01/06/2018

### **Logramos que o profesorado mutualista de MUFACE poida cambiar ao SERGAS no mes de xuño**

O proceso de cambio só require unha solicitude

O sindicato anima o profesorado galego a optar polo sistema público de saúde xa que, ao igual que no ensino, é o que garante a maior equidade entre todas e todos os traballadores, así como a mellor calidade asistencial.

01/06/2018

### **Confírmase que a negociación retributiva é un mero «mercadeo» entre a Consellaría e as outras organizacións sindicais**

A marcha das negociacións para a suposta «equiparación» salarial do



profesorado galego confirma todas as afirmacións que fixo a CIG-ENSINO desde o seu comezo

Tras catro reunións hoxe volveuse producir unha «escenificación» de diversos intereses empezando polo tacitismo da propia Xunta e continuando polos intereses electorais dos outros sindicatos. Desde o punto de vista da CIG-ENSINO «é inadmisíbel que doce anos despois do acordo de 2006 e tras unha crise gravísima cos recortes máis virulentos; a Consellaría ofrezca o 50% da cantidade pactada ese ano».

06/06/2018

**O 28 de xuño nas aulas**  
Material didáctico arredor do día do Orgullo LGBT para

traballar a diversidade nas aulas de Primaria e Secundaria con propostas participativas

A CIG-ENSINO quere contribuír a conseguir unha escola libre de violencias; exclusións e discriminacións. Con esta angueira; achega estas unidades didácticas coas que poder traballar a diversidade sexual nas aulas de maneira que se fortaleza e celebre a diversidade.

07/06/2018

**A Consellaría incumpre a Lei de aproveitamento da lingua portuguesa**

O goberno galego non fomenta o portugués como segunda lingua estranxeira nos centros docentes galegos

A CIG-ENSINO alerta do desleixo da Consellaría no fomento da lingua portuguesa e esixe un cambio de rumbo no pulo ao ensino do portugués; especialmente cando se observa unha caída do alumando que cursa este idioma así como os centros que o imparten.

07/06/2018

**Publicado o calendario escolar do curso 2018/2019**

A Consellaría acepta a proposta da CIG-ENSINO de comezar o curso escolar o 12 de setembro en Primaria

Tras coñecerse hoxe a publicación da Orde que regula o calendario escolar para o vindeiro curso académico 2018/2019; a CIG-ENSINO avalía positivamente que se tivera en conta a nosa proposta de retrasar o comezo do curso en Primaria até o 12 de setembro en detrimento da petición das outras organizacións sindicais.

**A CIG-ENSINO non asumirá un acordo «fraudulento e ruinoso» para o profesorado galego**

07/06/2018

**A CIG-ENSINO non asumirá un acordo «fraudulento e ruinoso» para o profesorado galego**

A Consellaría de Educación desvelou hoxe na Mesa Sectorial que o incremento retributivo absorbería fondos xa incluídos e orzamentados no acordo estatal

Logo dun enésimo movemento á baixa de cc.oo; convertido no auténtico bastón da Consellaría; hoxe vivimos un novo episodio da farsa na que se ten convertido esta pseudonegociación. A

CALENDRARIO ESCOLAR 2018/2019																													
SETEMBRO 2018							OUTUBRO 2018							NOVEMBRO 2018															
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D									
					1	2	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4									
3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11									
10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18									
17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25									
24	25	26	27	28	29	30	29	30	31					26	27	28	29	30											
DECEMBRO 2018							XANEIRO 2019							FEBREIRO 2019															
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D									
					1	2			1	2	3	4	5	6					1	2	3								
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10									
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17									
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24									
24	25	26	27	28	29	30	28	29	30	31				25	26	27	28												
31																													
MARZO 2019							ABRIL 2019							MAIO 2019															
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D									
				1	2	3			1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4	5						
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12									
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19									
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26									
25	26	27	28	29	30	31	29	30						27	28	29	30	31											
XUÑO 2019							XULLO 2019							AGOSTO 2019															
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D									
					1	2			1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4	5						
3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11									
10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18									
17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25									
24	25	26	27	28	29	30	29	30	31					26	27	28	29	30	31										

- Inicio de clases en Infantil, Primaria e Educación Especial
- Inicio de clases en secundaria, bacharelato, FP e réxime especial
- Días non lectivos
- Fin de actividades lectivas en EI, EP, EE, ESO, BAC, FP
- Fin de actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial

Días lectivos totais: 175 (faltan por descontar 2 festivos locais)  
1ª Avaluación: 69 • 2ª Avaluación: 66 • 3ª Avaluación: 42

administración educativa fixo unha nova oferta ridícula na liña das presentadas nas anteriores reunións. Subiu 5 euros con respecto á última Mesa Sectorial que se pagarían no último prazo.

08/06/2018

## **A CIG-ENSINO empra a Feijóo a desbloquear a negociación e a asumir unha mellora das condicións retributivas e laborais do profesorado**

Na sexta reunión evidenciouse a nula vontade negociadora da Xunta e a súa incapacidade de resposta ás demandas do persoal docente

A CIG-ENSINO convocará o profesorado a amosar o seu rexeitamento ao inmovilismo da Consellaría de Educación e a defender a dignidade dun colectivo duramente castigado desde a chegada de Feijóo á presidencia da Xunta. Neste sentido o sindicato convocará concentracións nas principais cidades do país o próximo xoves 14 de xuño e anuncia que abrirá un calendario de mobilizacións a principios do vindeiro curso se a Consellaría non dá marcha atrás no veto a negociar a mellora das condicións laborais; a recuperación do roubado e unha suba retributiva digna.

11/06/2018

## **Xa non vale a parálise. É tempo de facer os deberes**

A CIG-ENSINO dirixe unha carta á nova ministra de Educación

Demandamos a derogación da LOMCE e a restitución dos dereitos eliminados polos recortes executados polo goberno Rajoy; así como a aposta por un modelo descentralizado e respectuoso co carácter plurinacional do Estado.



11/06/2018

## **Concentracións por unhas retribucións e unhas condicións de traballo dignas e fronte ao inmovilismo da Consellaría**

Tras a suspensión das negociacións para a suposta equiparación salarial do profesorado galego por parte da Consellaría; é preciso reaccionar con contundencia esixíndolle á administración que respecte o seu persoal docente; duramente castigado estes anos

As sete cidades galegas acollerán a partir das 8 da

tarde concentracións de rexeitamento ao veto mantido pola Consellaría a negociar a recuperación do roubado; unha suba salarial digna e a mellora das condicións laborais do profesorado: xornada lectiva; rateos; afíns; redución de burocracia; xestión democrática dos centros; estabilidade para o persoal interino; transparencia nas vacantes...

12/06/2018

## **A Consellaría engana o profesorado**

Inclúe na negociación docente fondos derivados do acordo retributivo de Madrid



Así o confirmou a propia Consellaría na fase final da negociación e no propio texto entregado coa última proposta e así o demostra un estudo realizado pola **CIG-ENSINO**.

14/06/2018

## Publicada a orde de destinos provisionais con algúns cambios ao respecto do texto que se negociou na Mesa Sectorial

A Consellaría aceptou parcialmente algunhas das propostas feitas pola **CIG-ENSINO** nunha orde que terá carácter fixo a partir deste curso

A orde publicada no DOG só abre o prazo para a solicitude de non participación (desde o venres 15 ao xoves 21 de xuño) na convocatoria para o persoal interino que cumpra con determinados requisitos. Para o inicio do prazo de participación; así como para coñecer os diferentes prazos de renuncia e adjudicación haberá que agardar á Resolución que se publicará previsibelmente no DOG na vindeira semana. Tedes toda a información do «NOVO» CADP no seguinte **CIG INFORMA**.

15/06/2018

## Unha sentenza pon en dúbida o sistema de avaliación dun tribunal nas oposicións docentes

Obriga a repetir a corrección das probas cun novo tribunal

Un xulgado vén de estimar unha demanda dun opositor; defendido pola asesoría xurídica da **CIG-ENSINO**; poñendo en cuestión o resultado do proceso selectivo ao entender que a avaliación foi realizada sen motivación e con dúbidas razoábeis sobre a imparcialidade do tribunal

15/06/2018

## A publicación de corrección de erros unha semana antes das oposicións reflicte a falta de planificación da Consellaría

A **CIG-ENSINO** considera que a actuación da Consellaría neste tema non é seria

O sindicato critica a improvisación do departamento que dirixe Román Rodríguez; que presenta un borrador da convocatoria de oposicións na Mesa Sectorial

sen estar completamente perfilado e tarda en subsanar os erros existentes introducindo elementos de incertidume para o persoal opositor.

15/06/2018

## O profesorado galego mobilízase por unhas negociacións reais

Esixe unhas negociacións nas que se fale da recuperación dos dereitos e dos cartos roubados; non só da «equiparación»

*O profesorado galego mobilízase por unhas negociacións reais*

A **CIG-ENSINO** esixe a apertura das negociacións para a recuperación do roubado; unha suba salarial digna e a mellora das condicións laborais do profesorado: xornada lectiva; rateos; afíns; redución de burocracia; xestión democrática dos centros; estabilidade para o persoal interino; transparencia nas vacantes...

19/06/2018

## A Consellaría ignora un ano máis o Consello Galego de FP ao non negociar a oferta educativa de formación profesional

Como vén sendo habitual a administración emprega este órgano para informar das súas intencións de cara ao vindeiro curso pero sen tomar en consideración as achegas da representación do profesorado

A Xunta anunciou que o ano que vén se incrementa a oferta educativa nun 1,4% pero é un dato enganoso porque se trata fundamentalmente das ensinanzas de FP básica; que apenas supoñen investimento orzamentario para a administración.







se é  
**MACHISTA** NON é  
**XUSTIZA**

20/06/2018

**A CIG-ENSINO denuncia que a Consellaría mantén o financiamento no ensino concertado de profesionais dos que non dota ao ensino público**

Incrementa en 360.000€ os concertos co ensino privado mediante axudas á atención educativa

No DOG do 20 de xuño vén de publicarse a ORDE do 6 de xuño de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2018/19

22/06/2018

**CIG-ENSINO chama aos centros educativos a amosar a súa repulsa pola actuación xudicial no caso da «Manada»**

O sindicato propón a aprobación de resolucións de claustros e consellos escolares

A CIG-ENSINO anima a que se denuncie o sistema patriarcal que alenta e permite a desigualdade das mulleres e afirme a aposta pola coeducación e a educación inclusiva.

25/06/2018

**Improvisación e mala xestión nalgúns tribunais no arranque das oposicións docentes**

Toda a responsabilidade é da Consellaría de Educación que debe dirixir o proceso e non deixar nas mans dos tribunais a xestión dos locais e condicións das probas

Denuncias e queixas de moitas persoas que participaron o sábado 23 de xuño nas oposicións para o ingreso nos diferentes corpos docentes marcaron o inicio das probas selectivas deste ano 2018

26/06/2018

**Morreu Xabier P. Docampo**

Desde a CIG-ENSINO unímonos á dor da familia e amizades de Xabier P. Docampo

Sempre será lembrado como un narrador; como un mestre e; por riba de todo; un galego bo e xeneroso.

28/06/2018

**A Consellaría segue sen desenvolver a Lei pola igualdade e non discriminación de persoas LGTBI no ensino público**

No Día do Orgullo LGTBI; a CIG-ENSINO lembra que 4 anos despois de aprobarse esta lei; a Consellaría comeza a introducir timidamente nos plans de estudo contidos para divulgar a realidade deste colectivo nos centros educativos

O sindicato defende que todo o relacionado coa coeducación e coa eliminación das discriminacións na sociedade ten que abordarse de forma transversal en todos os niveis educativos e por iso vén de promover unha unidade didáctica baixo o título «Normal é un programa da lavadora» para abordar esta cuestión nas aulas de Primaria e de Secundaria.

28/06/2018

**Aumentan as queixas polo desenvolvemento das oposicións docentes**

As críticas son moi superiores ás recibidas en convocatorias anteriores

A CIG-ENSINO recibiu nestes días; logo das denuncias públicas feitas polo sindicato tras a primeira proba; centos de queixas que confirman as incidencias nestes primeiros días do proceso selectivo. O sindicato vén de presentar un escrito ante a Consellaría solicitándolle que tome medidas para dar solución a estas queixas e que dea cumprida resposta ás reclamacións do persoal aspirante.

03/07/2018

**O profesorado galego suspende a Feijóo por incomparecencia ante os problemas do sistema educativo**

A CIG-ENSINO acusa o presidente da Xunta de estar máis preocupado neste fin de curso



1,5%; de xaneiro a xuño de 2018 e cando xa se coñece o dato do IPC interanual acumulado ata o 30 de xuño; que se sitúa no 2,3%; constátase o que a CIG xa prevía cando rexeitou na Mesa Xeral de Negociación do Estado o Acordo asinado polos sindicatos estatais.

18/07/2018

### Cumpríuse o guión: asinan un acordo retributivo que hipoteca o profesorado galego até 2021

Unha negociación fraudulenta desde o principio remata cun pacto por detrás en pleno verán sen posibilidade de consultar ao profesorado

por se ía para Madrid que pola situación do ensino público galego

O sindicato apela directamente a Feijóo a desbloquear as negociacións retributivas e a aplicar unha suba salarial digna para o colectivo docente; a devolver as pagas extras do período 2013-2016; a restituír a xornada lectiva das 18 horas en Secundaria e as 21 en Primaria; a reducir as rateos de alumnado por aula e a carga burocrática nos centros; e eliminar os descontos por enfermar e os ataques ao galego no ensino; a mellorar a atención á diversidade e a transparencia en canto ás vacantes de profesorado e ás afíns; así como a ofrecer unha solución de estabilidade para o persoal interino.

17/07/2018

### Un ano máis; o profesorado perde poder adquisitivo

O acordo dos sindicatos estatais co anterior goberno do PP coloca de novo ao profesorado en cifras negativas ao respecto do IPC

Logo de publicarse a Lei de Orzamentos do Estado para o 2018; na que se fixa un incremento salarial para o persoal do sector público do


Seguimos a perder poder adquisitivo

A Consellaría e os socios sindicais habituais veñen de asinar o peor acordo retributivo dos últimos anos; con condicións aínda peores que o acordo de 100€ asinado no 2003 e moi lonxe do acordo de 2006; cun incremento de 150€ e que contara co aval da CIG-ENSINO. O acordo revístese da indecencia que supón facelo en pleno verán e sen ningunha nova convocatoria


Prazos	Contía
Outubro 2018	15€
Xaneiro 2019	20€
Xaneiro 2020	25€
Xaneiro 2021	30€

As contías son brutas. A suba final quédase en 90€ en xaneiro de 2021

### 2018: UN ANO MÁIS PERDENDO PODER ADQUISITIVO



## Prazas non cubertas. Oposicións docentes 2018



de Mesa Sectorial; de costas ao profesorado e á súa representación maioritaria.

19/07/2018

### Loitamos pola ESAD de Vigo e a Escola de Restauración de Pontevedra

A Inspección Educativa de Pontevedra volve á carga contra a ESAD de Vigo e a Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra

A CIG-ENSINO denuncia un novo intento da Consellaría de Educación por empeorar as ensinanzas artísticas superiores ao negar un incremento de docentes na ESAD e pretender recortar postos en Pontevedra

26/07/2018

### A CIG-ENSINO trasladoulle á ministra de Educación as demandas urxentes do profesorado galego

A reunión tivo lugar no Ministerio de Educación; no seo dun encontro da titular do MEFP cos sindicatos da Mesa Sectorial do Estado

A derogación da LOMCE; a eliminación da taxa de reposición; o establecemento dun modo de acceso de dobre vía á función pública docente e a derogación da normativa que permite aumentar o número máximo de alumnado por aula e de horas lectivas docentes semanais; entre as principais demandas feitas pola CIG-ENSINO.

29/07/2018

### A Consellaría debe deixar a propaganda, garantir a transparencia e un verdadeiro concurso oposición

Confírmase a denuncia da CIG-ENSINO

A Consellaría inflou as prazas convocadas a través da oferta de cambio do corpo A2 ao A1.

31/07/2018

### A Consellaría elimina 54 unidades

Modificando o cadro de persoal de infantil e primaria

Volve facelo en verán e sen negocialo previamente na mesa sectorial. Si inclúe a creación de novas prazas de PT e AL, aínda que compartidas.


02/08/2018

### Mantense a provisionalidade no ensino público galego

E seguen sen mellorar as condicións de traballo docente

Novamente un 28% do profesorado provisional de secundaria e un 13% de mestres impartirán materias das que non son especialistas.

## Povisionalidade no ensino público



Total con destino provisional

Persoal interino

En expectativa e prácticas

Imparten afíns

# Programa de FORMACIÓN

## Curso 2018-2019



[www.as-pg.gal](http://www.as-pg.gal) e [cig-ensino.gal](http://cig-ensino.gal), apartado de formación

cursos presenciais	DATAS e LUGAR	CURSO
	22 setembro. Ourense	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	6 outubro. Santiago	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	20 outubro. A Coruña	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	27 outubro. Pontevedra	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	10 novembro. Vigo	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	17 novembro. Lugo	Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP
	22 setembro. Ourense	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	6 outubro. Santiago	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	20 outubro. A Coruña	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	27 outubro. Ferrol	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	27 outubro. Pontevedra	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	10 novembro. Vigo	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	17 novembro. Lugo	Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria
	1 decembro. Santiago	Comentario de textos filolóxico, lingüístico e literario
	Do 24 ao 27 de setembro. Lugo	Educación da voz
	Do 24 ao 28 setembro. Pontevedra	XXX Semana de Educación de Pontevedra
	24, 26, 27 setembro. Ferrol	XXV Encontros Pedagóxicos de Ferrol
	Do 13 ao 22 de setembro. Vigo	Paseos Pedagóxicos de Vigo
	Do 17 ao 26 setembro. Vigo	XLII Xornadas do ensino de Vigo
2º trimestre. Santiago	XVI II Xornadas de lingua e literatura	
2º trimestre. Santiago	XVI Xornadas das Mulleres	
2º trimestre. Santiago	XXII Xornadas de Educación Infantil	
cursos teleformación	DATAS	CURSO
	Do 2 ao 22 de outubro	Portugués intermedio
		Elaboración de materiais didácticos dixitais e interactivos
	Do 24 de outubro ao 13 de novembro	Inglés intermedio para docentes
		Claves para a implementación e avaliación do plan de convivencia nun centro educativo
	Do 15 de novembro ao 10 de decembro	Funcionamento dos departamentos de orientación
		As grandes descoñecidas galegas na cultura mundial. Maruja Mallo, María Casares e María Luz Morales
	Do 9 ao 29 de xaneiro	Como elaborar curtametraxes nas aulas
		A integración das competencias emocionais no currículo
	Do 31 de xaneiro ao 20 de febreiro	Proxecto ABN. Outro xeito de aprender matemáticas
		A aula invertida. Novos usos docentes para as TICs
	Do 22 de febreiro ao 14 de marzo	Proxectos con TIC desde unha perspectiva de xénero
		Metodoloxías inclusivas para a atención á diversidade
	Do 18 de marzo ao 9 de abril	A situación da lingua galega no ensino
		Novas maneiras de estimular a lectura. Da biblioteca ás redes
Do 25 de abril ao 15 de maio	Antón Fraguas. Día das letras galegas, 2019	
	O xogo como ferramenta pedagóxica	

#ProfesoradoConDereitos